


I.E.S XERMÁN ANCOCHEA QUEVEDO



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021/2022

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Profesora: XIANA CONDE ALONSO



ECONOMÍA 1º BACHARELATO
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2021/2022

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización
2. Temporalización e instrumentos de avaliación
3. Contribución dos estándares de aprendizaxe ao desenvolvemento das competencias clave
4. Concreción dos estándares de aprendizaxe
5. Metodoloxía didáctica e materiais e recursos didácticos
6. Procedemento de avaliación inicial e para acreditar coñecementos previos e medidas para adoptar
7. Procedemento de avaliación continua e instrumentos de avaliación
8. Medidas de atención á diversidade
9. Criterios de cualificación
10. Procedemento de avaliación extraordinaria
11. Procedemento para o seguimento e avaliación de materias pendentes
12. Procedemento de avaliación do proceso de ensino e práctica docente
13. Procedemento de avaliación da programación
14. Contribución ao proxecto lector
15. Contribución ao plan TIC
16. Elementos transversais
17. Actividades complementarias e extraescolares

ANEXO 1

ANEXO 2



1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Introdución

A formación en economía faise necesaria dada a ubiquidade das relacións económicas e a complexidade de moitas delas. Nun contexto globalizado a interdependencia económica fai que fenómenos en aparencia desconectados, estean economicamente relacionados. O estudo das relacións económicas entre países e grupos sociais, a análise da dependencia do benestar persoal e colectivo desas relacións facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos.

O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

A materia de Economía de 1º de bacharelato emprega un esquema mixto de presentación, herdado de deseños curriculares anteriores e baseado principalmente na análise da economía como ciencia, do papel dos axentes económicos e do funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos. Estrutúrase en sete bloques: no primeiro abórdase o principal problema orixe da ciencia económica, a economía e a escaseza, continuando coa organización da actividade económica para estudar a estrutura dos sistemas económicos; nun segundo bloque (“A actividade produtiva”) descríbese a produción como principal actividade económica; no terceiro (“O mercado e o sistema de prezos”) repásase a principal institución na fixación de prezos e asignación de recursos; o seguinte bloque (“A macroeconomía”) céntrase na medición da actividade económica e no estudo do mercado de traballo; no quinto (“Aspectos financeiros da economía”) faise un repaso da vertente financeira da actividade económica; o sexto (“O contexto internacional da economía”) aborda a análise do sector exterior e dos fenómenos de integración económica e globalización; e, finalmente, no bloque titulado “Desequilibrios económicos e o papel do Estado na económica”, reflexiónase sobre o carácter cíclico da actividade económica e o papel do Estado para mitigar e corrixir os desequilibrios xurdidos do funcionamento económico.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.



O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

Acorde co Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.



m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Contextualización

Centro e contorno:

I.E.S. de titularidade pública, situado nunha vila que recibe tamén alumnos e alumnas das aldeas do contorno. En bacharelato conta coas modalidades de CT e HCS. Posúe recursos materiais suficientes.

Alumnado: As características psicolóxicas e evolutivas do alumnado son propias de idades comprendidas entre os 17 e os 18 anos de idade. Dado que é unha materia de opción os alumnos e alumnas están especialmente motivados e presentan unha boa disposición para aprender.

Lexislación curricular: As normas nas que se basea esta programación didáctica son as seguintes:

1. Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.

2. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Bacharelato para a Comunidade de Galicia.



2. TEMPORALIZACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1º Avaliación

Bloque 1: Economía e escaseza. A organización da actividade económica

| UNID | B1 | CONTIDOS | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesións |
|------|--------|---|----------------------------|-----|---------|
| | | Economía e escaseza. A organización da actividade económica | | | |
| 1 | B.1.1. | A escaseza, a elección e a asignación de recursos. O custo de oportunidade. | Proba escrita (PE) | SET | 2 |
| | B.1.4. | A economía como ciencia: actividade económica e sociedade. | | SET | 1 |
| | B.1.5. | Principios na toma de decisións económicas. | Exercicios (E) | SET | 2 |
| | B.1.6. | Os modelos económicos. Economía positiva e economía normativa. | | SET | 1 |
| | B.1.7. | Información económica: interpretación de datos e gráficos. | | OUT | 1 |
| 2 | B.1.2. | Os diferentes mecanismos de asignación de recursos. | | OUT | 3 |
| | B.1.3. | Análise e comparación dos diferentes sistemas económicos | | OUT | 4 |


Bloque 2: A actividade produtiva

| UNID | B2 | CONTIDOS | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesións |
|------|--------|--|----------------------------|-----|---------|
| | | A Actividade Produtiva | | | |
| 3 | B.2.1. | Proceso produtivo e factores de produción. | PE E | OUT | 2 |
| | B.2.2. | División técnica do traballo, produtividade e interdependencia. | | OUT | 3 |
| | B.2.3. | Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción. | | OUT | 2 |
| | B.2.4. | Empresa: obxectivos ou funcións. | | OUT | 2 |
| | B.2.5. | Eficacia, eficiencia e efectividade. | | OUT | 2 |
| | B.2.6. | Eficiencia na produción: eficiencia técnica e eficiencia económica. | | NOV | 2 |
| | B.2.7. | Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios. | | NOV | 3 |
| | B.2.8. | Función de produción. | | NOV | 2 |

Bloque 3: O mercado e o sistema de prezos

| UNID | B3 | CONTIDOS | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesións |
|------|--------|--|----------------------------|-----|---------|
| | | O mercado e o sistema de prezos | | | |
| 4 | B.3.1. | A curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda. | PE E | NOV | 3 |
| | B.3.2. | A curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva de oferta. Elasticidade da oferta. | | NOV | 3 |
| | B.3.3. | O equilibrio do mercado. | | NOV | 2 |
| 5 | B.3.4. | Diferentes estruturas de mercado e modelos de competencia. | PE E | DEC | 4 |
| | B.3.5. | A competencia perfecta. A competencia imperfecta. O monopolio. O oligopolio. A competencia monopolista. | | DEC | 5 |

2º Avaliación



Bloque 7: Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía

| UNID | B7 | CONTIDOS | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesi3ns |
|------|--------|---|----------------------------|-----|---------|
| | | Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía | | | |
| 6 | B.7.1. | Ciclos económicos: as crises na economía. | PE E | XAN | 2 |
| | B7.6. | O Estado na Economía: funcións. | | XAN | 1 |
| | B7.7. | Os fallos de mercado e a intervención do sector público. | | XAN | 2 |
| | B7.8. | Redistribución de renda e riqueza: igualdade de oportunidades. | | XAN | 1 |
| 7 | B.7.2. | Políticas macroeconómicas de crecementos, estabilidade e desenvolvemento. | PE E | XAN | 2 |



Bloque 4: A macroeconomía

| UNID | B4 | CONTIDOS | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiós |
|------|--------|--|----------------------------|-----|--------|
| | | A Macroeconomía | | | |
| 7 | B.4.1. | Macromagnitudes: A produción. A renda. O gasto. | PE E | XAN | 2 |
| | B.4.2 | Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas | | XAN | 1 |
| | B.4.5 | Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións. | PE, E | XAN | 2 |
| 8 | B.4.3. | A inflación. Tipos de xuro. | PE E | FEB | 1 |
| | B.4.4. | Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación. | | FEB | 2 |
| 9 | B.4.6 | Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas | | FEB | 3 |
| | B.4.7 | Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia | | FEB | 3 |

Bloque 7: Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía

| UNID | B7 | CONTIDOS | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiós |
|------|-------|---|----------------------------|-------------|--------|
| | | Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía | | | |
| 10 | B7.5. | Política fiscal e orzamentos públicos. | PE e E | FEB/ MAR | 8 |

3º AVALIACIÓN

Bloque 5: Aspectos financeiros da economía

| UNID | B5 | CONTIDOS | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiós |
|------|--------|---|----------------------------|-------|--------|
| | | Aspectos financeiros da economía | | | |
| 11 | B.5.1. | Funcionamento e tipoloxía do diñeiro e a economía. | PE e E | MAR | 4 |
| | B.5.2. | Proceso de creación do diñeiro. | | MAR | 4 |
| | B.5.3. | As teorías explicativas da inflación. | | MAR | 3 |
| 12 | B.5.4. | Sistema financeiro. Novas formas de financiamento. | PE e E | ABRIL | 1 |
| | B.5.5. | Política económica: instrumentos. | | ABRIL | 3 |
| | B.5.6. | Banco Central Europeo. | | ABRIL | 2 |
| | B.5.7. | Mecanismos de oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro. | | ABRIL | 3 |

Bloque 6: O contexto internacional da economía

| UNID | B6 | CONTIDOS | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiós |
|------|--------|---|----------------------------|------|--------|
| | | O contexto internacional da economía | | | |
| 13 | B.6.1. | Comercio internacional: causas e teorías. | PE e E | MAIO | 3 |
| | B.6.2. | Balanza de pagamento con especial referencia á española. | | MAIO | 3 |
| 14 | B.6.3. | Cooperación e integración económica. | PE e E | MAIO | 3 |
| | B.6.4. | A Unión Europea. | | MAIO | 2 |
| 15 | B.6.5. | Globalización económica e financeira: causas e consecuencias. | PE e E | MAIO | 2 |
| | B.6.6. | Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación. | | MAIO | 3 |

Bloque 7: Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía

| UNID | B7 | CONTIDOS | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiós |
|------|--------|--|----------------------------|------|--------|
| | | Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía | | | |
| 15 | B.7.3. | Ambiente: recurso sensible e escaso. | PE e E | XUÑO | 2 |
| | B.7.4. | Pobreza e desenvolvemento: causas e posibles vías de solución. | | XUÑO | 2 |



3. CONTRIBUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia en comunicación lingüística.

Esta competencia porase de manifesto para poder distinguir as formulacións positivas das normativas; para explicar que é a empresa e cales son os seus obxectivos e funcións; coñecer os criterios para clasificar os mercados de competencia perfecta, oligopolio, monopolio ou competencia monopolista; para estudar os efectos e limitacións dos indicadores económicos como instrumentos para medir a calidade de vida; para explicar o funcionamento do diñeiro e valorar o papel do sistema financeiro; para describir os efectos das variacións dos tipos de xuro; para expresar as razóns que xustifican o comercio internacional; para valorar as mensaxes publicitarias, para diferenciar os conceptos de crecemento e desenvolvemento; para reflexionar sobre os problemas ambientais provocados pola actividade económica; para recoñecer exemplos de responsabilidade social empresarial; para utilizar con propiedade o vocabulario económico básico en galego e castelán ou para realizar procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas económicos actuais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos. Utilízase esta competencia para representar e comprender o significado do modelo da fronteira de posibilidades de produción; interpretar e valorar a forma da pirámide de poboación española e galega; determinar a eficiencia técnica e económica; analizar e interpretar graficamente ingresos, custes e beneficios empresariais; calcular e interpretar a produtividade; analizar graficamente as curvas de oferta e demanda así como o cálculo das elasticidades; interpretar datos e gráficos das diferentes variables macroeconómicas, do mercado de traballo e a inflación; a calcular o tipo de cambio entre divisas ou analizar datos estatísticos en xeral. Tamén a competencia en ciencia e tecnoloxía se vai desenvolver dende esta disciplina, xa que será imprescindible para manexar indicadores económicos, para reflexionar sobre o desenvolvemento sostible ou os problemas ambientais e a súa consideración como variable na toma de decisións.

Competencia dixital.

Utilízase esta competencia para coñecer os cambios máis recentes no escenario económico mundial; coñecer, nun contexto global, como se relaciona a división de traballo coa interdependencia económica; investigar casos reais de mercados de competencia perfecta, monopolio, oligopolio e competencia monopolista; comparar e interpretar a información de diferentes variables macroeconómicas e estudar a súa evolución no tempo; investigar ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego; identificar os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo; investigar aspectos fiscais básicos no portal da Axencia Tributaria, etc.

Competencia de aprender a aprender.

Permite a aprendizaxe permanente ao longo da vida. As destrezas e actitudes que integran esta competencia evidéncianse ao comparar as distintas formas de abordar a resolución de problemas económicos en diversas situacións; estudar e analizar as repercusións da actividade empresarial no contorno; valorar a influencia do tipo de mercado sobre os distintos axentes económicos que interveñen; valorar a relación entre educación e a posibilidade de obter un emprego e a súa evolución no tempo; recoñecer ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego; describir as consecuencias das variacións dos tipos de xuro na Economía ou constatar a necesidade desta competencia ante a rápida evolución dos contidos propios da materia.



Competencia sociais e cívicas.

Alcanzaranse as destrezas, actitudes e valores implícitos nesta competencia, cando se analicen as distintas maneiras de dar resposta ás necesidades humanas segundo os diferentes sistemas económicos; a estudar os obxectivos e funcións das empresas; ao explicar a función da empresa como creadora de utilidade; cando se compara o funcionamento dos diversos tipos de mercados; ao analizar, de forma crítica, os distintos indicadores económicos como instrumentos para medir a calidade de vida; a examinar os datos de inflación e desemprego en España; ao estudar as causas da inflación e as súas repercusións económicas e sociais; ao describir as implicacións e efectos da globalización económica; ao estudar as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, o medio ambiente e a calidade de vida; ou ao analizar as distintas funcións do Estado.

Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros emprendedores. Nesta materia abordarase a necesidade de tomar decisións, a análise da importancia das empresas na economía ou na valoración do emprendemento na Unión Europea. Porase de manifesto co estudo da eficiencia técnica e económica, o coñecemento dos diferentes custes empresariais, o estudo dos factores que determinan a oferta e a demanda; a valoración da formación como elemento clave na obtención de emprego e mellora dos salarios; a investigación e recoñecemento de ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego; a valoración do papel do sistema financeiro como canalizador do aforro ao investimento; ao describir os efectos dos tipos de xuro; a análise das implicacións e efectos da globalización económica ou no estudo das consecuencias do crecemento económico sobre a repartición da riqueza.

O Decreto 86/2014 establece as relacións entre competencias clave o os estándares de aprendizaxe, formando o perfil competencial da materia:

| | CC | CM | CD | CA | CS | CSI | CC | | CC | CM | CD | CA | CS | CSI | CC |
|-----------|----|----|----|----|----|-----|----|-----------|----|----|----|----|----|-----|----|
| ECB1.1.1. | | X | | X | | | | ECB4.2.3. | | X | X | | | | |
| ECB1.2.1. | | X | X | | X | | | ECB4.3.1. | | X | X | | | | |
| ECB1.2.2. | | | X | X | X | | | ECB4.3.2. | | | | X | X | | |
| ECB1.2.3. | | | X | X | X | | | ECB4.3.3. | | | X | X | | | |
| ECB1.3.1. | | X | | X | | | | ECB4.4.1. | | | X | | | X | |
| ECB1.3.2. | X | X | X | | | | | ECB5.1.1. | X | X | X | | X | | |
| ECB2.1.1. | X | | | X | X | | | ECB5.2.1. | | | X | | X | | |
| ECB2.2.1. | | X | | | X | | | ECB5.3.1. | | | X | X | X | | |
| ECB2.2.2. | X | X | | | | | | ECB5.4.1. | | X | | X | X | | |
| ECB2.3.1. | X | | | | | X | | ECB5.5.1. | | X | X | | X | | |
| ECB2.4.1. | | | | X | | X | | ECB5.5.2. | X | X | | | | | |
| ECB2.4.2. | X | | X | | | | | ECB6.1.1. | X | X | | | X | | |
| ECB2.5.1. | | X | X | | | | | ECB6.2.1. | X | | | | X | | |
| ECB2.6.1. | | X | X | | | | | ECB6.3.1. | X | | | | X | | |
| ECB2.6.2. | | X | X | | | | | ECB6.3.2. | | X | X | X | X | | |
| ECB2.7.1. | | X | X | | | | | ECB7.1.1. | | X | X | | X | | |
| ECB3.1.1. | | X | X | | | | | ECB7.1.2. | X | X | | | | | |
| ECB3.1.2. | X | X | | | | | | ECB7.1.3. | X | | | | X | | |
| ECB3.1.3. | | X | X | | | | | ECB7.1.4. | | | X | X | X | | |
| ECB3.2.1. | X | X | | | | | | ECB7.1.5. | | X | | | X | | |
| ECB3.2.2. | | | | X | X | | | ECB7.1.6. | | | | X | X | | |
| ECB3.2.3. | | | | | X | | | ECB7.1.7. | | X | | | X | | |
| ECB4.1.1. | X | X | X | | X | | | ECB7.1.8. | | X | | | X | | |
| ECB4.1.2. | | | | X | X | | | ECB7.2.1. | X | X | | | | | |
| ECB4.1.3. | | | | | | | | ECB7.2.2. | | X | X | | X | | |
| ECB4.2.1. | | X | X | | | | | ECB7.2.3. | | X | X | X | | | |
| ECB4.2.2. | | | X | | X | | | | | | | | | | |



4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A MATERIA

| CRIT AVAL | ESTAND APREND | DESCRIPCIÓN E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN (GMC) | COMP CLAVE |
|---|---------------|--|--------------------|
| Bloque 1. Economía e escaseza. A organización de actividade económica. | | | |
| UNIDADE 1 | | | |
| B1.1 B1.4. B1.5. B1.6. B1.7. | ECB1.1.1. | Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico. GMC: 50% | CAA CMCCT |
| | ECB1.3.1. | Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas. GMC: 50% | CAA CMCCT |
| | ECB1.3.2. | Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos. GMC: 50% | CCL CMCCT CD |
| UNIDADE 2 | | | |
| B1.2. | ECB1.2.1. | Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos. GMC 50% | CSC CMCCT CD |
| B1.3. | ECB1.2.2. | Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise. GMC 50% | CSC CD CAA |
| | ECB1.2.3. | Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional. GMC 50% | CAA CD CSC |
| Bloque 2. A Actividade produtiva | | | |
| UNIDADE 3 | | | |
| B2.1. | ECB2.1.1 | Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia. GMC: 50% | CAA CCL CSC |
| B2.2. | ECB2.2.1. | Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global. GMC: 50% | CSC CMCCT |
| B2.3. B2.4. | ECB2.2.2. | Clasifica e define os factores produtivos e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. GMC: 50% | CMCCT CCL |
| B2.5. | ECB2.3.1. | Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional. GMC: 50% | CSIEE CCL |
| B2.6. | ECB2.4.1. | Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas. GMC: 50% | CSIEE CAA |
| B2.7. | ECB2.4.2. | Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas. GMC: 50% | CD CCL |
| B2.8. | ECB2.5.1. | Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados. GMC: 50% | CD CMCCT |
| | ECB2.6.1. | Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. GMC: 50% | CMCCT CD |
| | ECB2.6.2. | Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período. GMC: 50% | CMCCT CD |
| | ECB2.7.1. | Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados. GMC: 50% | CMCCT CD |



| Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos. | | | |
|---|------------|---|--------------------------|
| UNIDADE 4 | | | |
| B3.1. | ECB3.1.1. | Representa gráficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados. GMC: 50% | CMCCT CD |
| B3.2. | ECB3.1.2. | Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda e explica e representa o equilibrio. GMC: 50% | CMCCT CCL |
| B3.3. | ECB3.1.3. | Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades así como os seus efectos sobre os ingresos totais. GMC: 50% | CMCCT CD |
| UNIDADE 5 | | | |
| B3.4. | ECB3.2.1. | Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas. GMC: 50% | CMCCT CCL |
| B3.5. | ECB3.2.2. | Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato. GMC: 50% | CAA CSC |
| | ECB3.2.3. | Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes que interveñen nos diversos mercados. GMC: 50% | CSC |
| Bloque 4. A macroeconomía | | | |
| UNIDADE 7 | | | |
| B4.1. | ECB4.1.1. | Mide, interpreta e expresa as principais macromagnitudes como indicadores da situación económica dun país. GMC: 50% | MCCT CD CSC CCL |
| B4.5. | ECB4.1.2. | Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparación con carácter global. GMC: 50% | CAA CSC |
| | ECB4.1.3. | Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida. GMC: 50% | CSC |
| | ECB 4.2.1. | Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas. GMC: 50% | CMCCT CD |
| | ECB4.2.2. | Considera investigación e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas. GMC: 50% | CAA CD |
| | ECB4.2.3. | Opera con variables económicas mediante aplicación informática, analízalas e presenta as súas valoracións de carácter persoal. GMC: 50% | CD CMCCT |
| UNIDADE 8 | | | |
| B4.3. | ECB4.3.1. | Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo. GMC: 50% | CMCCT CD CSC |
| B4.4. | ECB 4.3.2. | Valora a relación da educación e a formación con poder obter un emprego. GMC: 50% | CAA CD |
| | ECB4.3.3. | Investiga e recoñece vieiros de ocupación. GMC: 50% | CAA CD |
| | ECB4.4.1. | Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación. GMC: 50% | CD CSIEE |
| UNIDADE 9 | | | |
| B4.2. | ECB 4.2.1. | Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas. GMC: 50% | CMCCT CD |
| | ECB4.2.2. | Considera investigación e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e recoñece os métodos de estudo utilizados por economistas. GMC: 50% | CAA CD |



| | | | |
|--|-----------|---|---------------------------|
| | ECB4.2.3. | Opera con variables económicas mediante aplicación informática, analiza e presenta as súas valoracións de carácter persoal. GMC: 50% | CD CMCCT |
| Bloque 5. Aspectos financeiros da economía | | | |
| UNIDADE 11 | | | |
| B5.1. B5.2. B5.3. | ECB5.1.1. | Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía. GMC: 50% | CSC CMCCT CD CCL |
| | ECB5.2.1. | Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais. GMC: 50% | CSC CD |
| UNIDADE 12 | | | |
| B5.4. B5.5. B5.6. B5.7. | ECB5.3.1. | Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e mercados financeiros. GMC: 50% | CAA CSC CD |
| | ECB4.1. | Razona de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social. GMC: 50% | CAA CMCCT CSC |
| | ECB5.5.1. | Identifica obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, e razona sobre o seu papel e o seu funcionamento. GMC: 50% | CSC CMCCT CD |
| | ECB5.5.2. | Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía. GMC: 50% | CMCCT CCL |
| Bloque 6. O contexto internacional da economía. | | | |
| UNIDADE 13 | | | |
| B6.1. B6.2. | ECB6.1.1. | Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais. GMC: 50% | CSC CCL CMCCT |
| UNIDADE 14 | | | |
| B6.3. B6.4. | ECB6.2.1. | Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na UE, e reflexiona para valorar as repercusións globais. GMC: 50% | CSC CCL |
| UNIDADE 15 | | | |
| B6.5. B6.6. | ECB6.3.1. | Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países. GMC: 50% | CSC CCL |
| | ECB6.3.2. | Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación. GMC: 50% | CAA CD CMCCT CSC |
| Bloque 7. Desequilibrios económicos. | | | |
| UNIDADE 15 | | | |
| B7.1. B7.3. B7.4 | ECB7.1.1. | Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento, no desenvolvemento e na redistribución da renda. GMC: 50% | CSC CMCCT CD |
| | ECB7.1.2. | Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento. GMC: 50% | CCL CMCCT |
| | ECB7.1.3. | Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida. GMC: 50% | CSC CCL |
| | ECB7.1.4. | Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar. GMC: 50% | CAA CSC CD |
| | ECB7.1.5. | Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. GMC: 50% | CSC CMCCT |
| | ECB7.1.6. | Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas. GMC: 50% | CSC CAA |



| | | | |
|-------------------|-----------|---|--------------------|
| | ECB7.1.7. | Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados. GMC: 50% | CSC CMCCT |
| UNIDADE 10 | | | |
| B7.2. | ECB7.2.1 | Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos. | CCL CMCCT |
| B7.5 B7.6. | ECB7.2.3. | Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de previr os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. GMC: 50% | CAA CMCCT CD |
| UNIDADE 6 | | | |
| B7.7. B7.8. | ECB7.2.2. | Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os axentes que interveñen na economía, e as opción de actuación por parte do Estado. GMC: 50% | CSC CMCCT CD |

5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

As estratexias metodolóxicas, expositivas e de indagación, deben estar en función do tipo de contido que se traballe. Algúns contidos poden ser aprendidos mediante a utilización de estratexias de indagación. Outros contidos máis abstractos e teóricos requiren estratexias expositivas. En todo caso, o desexable é un uso combinado de estratexias, que a exposición se apoie en actividades de indagación e as actividades de indagación se acompañen de exposicións con informacións atractivas.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS:


A) ESTRATEGIAS EXPOSITIVAS:

- Iniciar a aprendizaxe das unidades didácticas dun xeito global e motivador, para que o alumnado teña unha visión xeral podendo enlazar unhas unidades con outras e xustificando a importancia dos contidos.
- As exposicións apoiaranse en exemplos prácticos e en actividades que fomenten a participación e a reflexión dos alumnos e alumnas.
- A metodoloxía utilizada evitará a disociación entre a teoría económica e a economía real; presentando a economía como algo próximo; partindo de temas que susciten interese para o alumno debido á súa actualidade e sona; resolvendo supostos sinxelos e próximos a este.
- Periodicamente realizaranse recapitulacións dos contidos xa tratados.
- Nalgúns casos utilizaranse recursos que apoiem a exposición docente, usando na medida do posible as tecnoloxías da información e a comunicación e utilizando medios audiovisuais ou informáticos (vídeos, proxector de imaxes...).
- Charla dun experto nalgún tema empresarial de interese.

B) ESTRATEGIAS DE INDAGACIÓN:

As técnicas concretas de indagación se utilizarán: estudo de casos, pescuda e seleccións de noticias vencelladas coas unidades didácticas, xogos de simulación a través de Internet, pescudas sinxelas, saídas, resolución de problemas simulados ou reais, simulación dun proxecto de iniciativa empresarial, etc.

ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA Á SITUACIÓN OCACIONADA POLA COVID-19



A metodoloxía a utilizar neste curso, dadas as circunstancias provocadas pola pandemia do COVID-19 deberá ser útil e áxil en calquera dos tres posibles escenarios contemplados: actividade lectiva presencial, semipresencial e non presencial.

Por esta razón, utilizarase a aula virtual dende o principio para recoller as actividades pautadas e os contidos vistos na clase.

- No caso de actividade lectiva presencial, a aula virtual empregarase fundamentalmente para a recollida e corrección de tarefas, e tamén o alumnado poderá consultar os materiais subidos en cada unha das unidades didácticas para complementar o visto na clase.
- No caso de que haxa alumnado que estea nunha situación de corentena, poderá seguir as aulas mediante a aula virtual, onde terá acceso aos contidos explicados na clase e as tarefas. Poderá consultar dúbidas a través do foro da aula virtual. Ademais contemplarase a posibilidade de realizar gravacións das clases para que poidan ser vistos por este alumnado confinado.
- No caso de que a situación sanitaria provoque ter clases non presenciais intensificarase a utilización da aula virtual e o uso dos foros da aula virtual para a consulta de dúbidas. Establecerase ademais un horario para clases virtuais a través da plataforma webex para a explicación de contidos e a resolución de dúbidas, que se combinará con vídeos gravados que o alumnado poderá visualizar en calquera momento.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

A) MATERIAIS IMPRESOS

Bibliografía básica:

- Economía. 1º Bacharelato (McGraw – Hill).
- Apuntamentos e fotocopias.

Material complementario:

- Xornais e revistas de contido económico.
- Documentos de traballo tirados do mundo da empresa

B) RECURSOS AUDIOVISUAIS:

- Canón de imaxes ou vídeo proxector.
- DVD, vídeo e televisión.

C) RECURSOS INFORMÁTICOS:


- Ordenadores con acceso a Internet para a procura de información.
- Blogs de contido económico.

D) RECURSOS DO CENTRO:

- Recursos tradicionais (encerado,...)
- Biblioteca, aula de informática, aula de medios audiovisuais.

E) RECURSOS EXTERNOS AO CENTRO:

- Empresas, organismos públicos e privados.



Durante este curso e dada a situación excepcional derivada do COVID-19 darase prioridade a utilización de recursos dixitais, en calquera das tres posibles situación: aulas presenciais, semipresenciais e lectivas. Por tanto, darase prioridade a entrega e corrección de tarefas mediante a aula virtual do centro sempre que sexa posible. No caso de alumnado que non teña acceso a un ordenador e/ou internet, se buscarán as alternativas que sexan posibles: envío mediante correo electrónico utilizando fotografías e teléfono móbil...etc.

6. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL E PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS E MEDIDAS A ADOPTAR

Avaliación inicial: Realízase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica e achega información sobre os coñecementos previos dos alumnos, as súas capacidades e o seu ritmo de aprendizaxe, e a partir deles comezar a explicación do bloque.

Instrumentos: cuestionarios, debates, preguntas realizadas na aula ou análise dunha noticia.

Na proba de avaliación inicial e ao longo do proceso de ensino maniféstase a diversidade en distintos eidos:

- Diversidade de aptitudes. Os alumnos e alumnas son diversos na súa capacidade para aprender, daquela teremos que manexar diversas metodoloxías.
- Diversidade de motivacións.
- Diversidade de intereses. Sobre todo no que respecta ao seu futuro académico e profesional.


Por tratarse dunha materia de Bacharelato adoptaranse medidas de carácter ordinario que non afectarán aos compoñentes prescritivos do currículo. Trátase de adaptar diversos aspectos pero cos mesmos obxectivos educativos. (Ver medidas de atención a diversidade)

7. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación procesual ou formativa: realízase durante todo o proceso de aprendizaxe coa fin de controlalo e introducir modificacións en caso necesario. Levarase a cabo mediante a avaliación de actividades habituais do proceso de aprendizaxe relacionadas cos obxectivos didácticos a conseguir e os criterios de avaliación.

Os instrumentos utilizados serán a observación directa, debates, traballos, investigacións, exercicios e problemas, probas obxectivas e probas específicas de avaliación. Probas nas que o alumnado individualmente amose se coñece, comprende, distingue e relaciona os conceptos vistos en cada unidade. Por tratarse dunha materia de Bacharelato non se considera conveniente efectuar un elevado número de exames, pois é importante enlazar distintas unidades e facer preguntas de relación.

Avaliación sumativa ou final, realízase a final de curso co obxecto de determinar se conseguiron os obxectivos. Será a nota media das tres avaliacións.



8. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e acción deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado.

Adoptaranse as seguintes medidas de atención a diversidade:

- Actividades de reforzo e ampliación presentadas de forma progresiva. Dedicaráselles unha sesión ao finalizar a unidade didáctica. Nas devanditas actividades o traballo será autónomo para o alumnado que presente menos dificultades. Será dirixido polo profesor ou por outro compañeiro para os que teñen maiores dificultades.
- Entrega de exercicios de distintos niveis que se darán ao finalizar a unidade ou ao longo da mesma.
- Practicar o traballo en equipo (aprendizaxe entre iguais), de forma que atendamos ao equipo en canto a repartición de material, etc. e ao mesmo tempo fagamos un seguimento individualizado de determinados alumnos para analizar como responden no grupo.
- Traballo individuais con distinto grao de dificultade.
- Recursos diversos, non só libro de texto, para que o alumno poida elixir.
- Nas explicacións didácticas ou discurso de aula efectuaranse distintas preguntas co obxectivo de afianzar a autoestima dos alumnos. Preguntas máis complexas para aqueles alumnos con maior nivel e preguntas máis sinxelas para o resto.

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A criterios de cualificación nunha situación de normalidade, é dicir, con clases lectivas durante o curso será o seguinte:

➤ **As probas escritas:**

En cada trimestre realizaranse probas escritas dos contidos teórico- prácticos cada unha / dúas ou tres unidades didácticas. Valorarase, ademais da corrección dos contidos, a presentación, redacción, ortografía, claridade nas respostas e o emprego con propiedade do vocabulario propio da materia. No suposto práctico valorarase a formulación correcta, claridade, corrección dos cálculos aritméticos, interpretación dos resultados e a súa expresión nas unidades correspondentes.

As probas escritas terán un peso primordial na nota, do **70%**, por tratarse dunha materia de Bacharelato. É preciso sacar máis dun tres en cada unha das probas escritas para superar a avaliación.

En todo tipo de probas escritas esixirase o uso correcto da lingua. Por cada falta de ortografía, descontarase 0,05 puntos, con un máximo total en cada proba dun punto.

A nota das probas escritas na avaliación será o resultado de realizar a media aritmética delas e de ponderar o resultado por 0'7. Os alumnos que obteñan menos dun tres nalgunha das probas terán a oportunidade de realizar unha reválida dos contidos teórico – prácticos ao final da avaliación.



No caso de que un alumno/a de forma non xustificada non se presente a unha proba será cualificado con cero puntos, en tanto que se a causa é xustificada faráselle a proba outro día, o día que se incorpore á aula. Aquel alumnado que sexa sorprendido copiando nunha proba, será cualificado con cero puntos na devandita proba.

➤ **Os traballos e actividades de aula:**

Na valoración dos traballos porase atención nos contidos, a forma, a defensa do mesmo e a implicación e cooperación cando o traballo é en grupo.

No caso da selección e síntese de noticias valorarase a selección de ideas, orixinalidade e concreción; e no caso do comentario de texto valorarase argumentar con contidos e vocabulario propio da materia.

Os traballos deben presentarse no prazo fixado, pola contra entenderase que un alumno/a que non presentase o traballo de xeito non xustificado será cualificado con cero puntos, porén se hai unha causa xustificada indícaráselle que entregue o día que se incorpore á aula.

En todo tipo de probas escritas esixírase o uso correcto da lingua. Por cada falta de ortografía, descontarase 0,05 puntos, con un máximo total en cada proba dun punto.

Os traballos obrigatorios serán valorados de xeito común coas actividades de aula, e terán un peso do **30%** sobre a nota final.

No caso de que a situación sanitaria derivada do Covid-19 provoque que as clases teñan que ser a distancia ou existan longos períodos de semipresencialidade, variará a ponderación dos criterios de cualificación, equiparándose o peso das probas escritas e os traballos entregados, cada unha das partes terá unha valoración dun 50% na nota.

As probas escritas realizaranse, se non fora posible a presencialidade, utilizando a plataforma webex. No caso de alumnado con problemas de conexión, estudarase cada caso de forma personalizada, co obxecto de resolver a situación da mellor forma posible e non prexudicar en ningún caso a este tipo de alumnado.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN: BACHARELATO ORDINARIO.

➤ **Recuperación de cada avaliación e recuperación final:**

Aqueles alumnos/as que non superen a avaliación realizarán unha proba de recuperación ao comezo da seguinte avaliación, a excepción da terceira avaliación, a recuperación da cal se inserirá na proba final de xuño. A estrutura da proba será similar ás de avaliación.

O alumnado que non superara unha ou máis avaliacións poderá realizar outra das mesmas características ao final do curso, de cada unha das partes que non superase. Para os efectos das recuperacións de cada avaliación e da recuperación final, consideraranse de xeito conxunto todos os procedementos de avaliación.



No caso de no ser posibles as probas presenciais, realizaranse probas a distancia empregando a plataforma webex.

➤ **Alumnado que perde o dereito á avaliación continua:**

Realizáraselles a proba final de maio/xuño, onde loxicamente só se considerará a súa nota.

No caso de no ser posibles as probas presenciais, realizaranse probas a distancia empregando a plataforma webex.

10. PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

En caso de non aprobar en maio/xuño, realizarase unha proba extraordinaria en xuño (antigo setembro) de acordo ao grao mínimo de consecución de cada estándar. En xuño, polo seu carácter extraordinario, só se considerará a proba, sen ter en conta outros procedementos de avaliación. Para superar o curso, haberá que obter como mínimo un cinco.

No caso de no ser posibles as probas presenciais, realizaranse probas a distancia empregando a plataforma webex.

Nota Xeral sobre notas: O redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo, e no caso de equidistancia, ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media.

11. PROCEDIMENTO PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

En caso de haber alumnos con materias pendentes esixirase a asistencia a clases de reforzo para superar esta materia. Facilitaráselle actividades e a posibilidade de facer algún traballo voluntario para subir nota. Se chegado o mes de maio non tivera superada a materia tería que facer un exame global.

No suposto de non ser posibles as aulas presenciais, estableceranse datas para clases virtuais utilizando a plataforma webex, a consulta de dúbidas a través do foro da plataforma da aula virtual e a utilización da aula virtual do centro para a entrega de traballos.

Os criterios de cualificación serán dun 80% para o exame, dun 20% para as actividades de cada tema que serán de entrega obrigatoria e terá a posibilidade de realizar algún traballo para subir nota. Este alumnado realizará un exame por avaliación. No caso de suspender, a recuperación terá lugar na seguinte avaliación. Non obstante de darse o caso que o alumno ten suspensas as tres avaliacións ou algunha delas, terá unha última posibilidade de recuperación no mes de maio.

No caso de que a situación sanitaria derivada do Covid provoque que as clases teñan que ser a distancia ou existan longos períodos de semipresencialidade, variará a ponderación dos criterios de cualificación, equiparándose o peso das probas escritas e os traballos entregados, cada unha das partes terá unha valoración dun 50% na nota.

As probas escritas realizaranse, se non fora posible a presencialidade, utilizando a plataforma webex. No caso de alumnado con problemas de conectividade, se estudiará cada caso de forma persoalizada, co obxecto de resolver a situación da mellor forma posible e non prexudicar en ningún caso a este tipo de alumnado.



12. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

➤ **Avaliación do profesorado polo alumnado:**

O profesor necesita información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Farase entrega dun cuestionario ao alumnado. (Anexo 1)

➤ **Avaliación das unidades didácticas.**

Ao avaliar a unidade didáctica debemos ter en conta os elementos do seu deseño, a súa coherencia e a súa adecuación á realidade da aula.

13. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Mensualmente, farase unha avaliación de como se vai seguindo a programación, explicando en todo momento as posibles desviacións e os motivos delas. E se pode ser, intentarase solucionar o antes posible.

Valoraremos a distribución de contidos, a metodoloxía utilizada, a incorporación de elementos transversais, os criterios de cualificación aplicados, as medidas de atención á diversidade, as actividades para os alumnos con materia pendente e os materiais e recursos didácticos. Con respecto a isto, o proceso de avaliación da programación didáctica ha de constituír un feedback, para tratar de mellorar aqueles aspectos nos que a programación didáctica non resultou eficiente. (Anexo 2)

14. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Nesta materia trataranse textos relacionados coa economía, para que o alumnado faga un resumo e comentario, e así poder avaliar a ortografía, redacción, presentación e lectura.

No caso da selección e síntese de noticias valorarase a selección de ideas, orixinalidade e concreción; e no caso do comentario de texto valorarase argumentar con contidos e vocabulario propio da materia. Farase unha proposta de libros de lectura voluntarios.

15. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O alumno estará en contacto cas novas tecnoloxías, xa que utilizará a aula virtual para a entrega de tarefas, así como internet para a indagación de contidos.

16. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os temas transversais son contidos basicamente actitudinais que van influír no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal do noso alumnado, como para o desenvolvemento dunha sociedade máis libre, democrática, respectuosa co medio e tolerante.

- CL - Comprensión lectora.
- EOE - Expresión oral e escrita.
- CAV - Comunicación audiovisual.
- TIC - Tecnoloxías da información e da comunicación.
- EMP- Emprendemento.




- ECC- Educación cívica e constitucional.
- IGU - Igualdade e non discriminación.

Traballaremos a educación en valores de forma transversal e continua, ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e farémolo cun carácter interdisciplinar.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Posibilidade de visita a algunha empresa co obxectivo de que o alumnado tome contacto coa realidade empresarial e lle encuentre unha maior aplicación aos contidos teóricos.
- Posibilidade de realización dalgunha charla no centro con algún empresario para que transmita as súas experiencias como emprendedor, as dificultades coas que se atopou e as satisfaccións que lle produce ter a súa propia empresa.

Estas actividades só se realizarán se a situación sanitaria o permite, en caso contrario, se buscará algunha actividade alternativa que poida ser realizada de xeito virtual.



ANEXO 1. AVALIACIÓN DO PROFESORADO

O profesor necesita de información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Ninguén mellor que o seu alumnado para axudarlle nesta tarefa. Por iso, propoñémosche que contestes con liberdade ás seguintes cuestións na seguridade de que serán tidas en conta polo voso profesor/a.



| ENQUISA Ó ALUMNADO SOBRE A LABOR DO DOCENTE | | |
|--|----|-----|
| <p>Marca a opción que proceda en cada resposta. No caso das preguntas nas que se pida unha valoración persoal, da a túa resposta en non máis de 5 liñas. Esta enquisa é anónima, e o seu principal obxectivo é determinar que aspectos se deben mellorar no proceso de ensino para favorecer unha aprendizaxe mellor.</p> | | |
| | SI | NON |
| 1. Resultouche sinxela esta materia? Por que? | | |
| 2. Comenta cales foron os aspectos que che pareceron máis difíciles. | | |
| 3. Pareceche interesante a materia? | | |
| 4. Consideras que os contidos desenvoltos che resultarán útiles no teu día a día? | | |
| 5. Cres que os recursos empregados foron os axeitados para conseguir os obxectivos da materia? | | |
| 6. Propón ti ao menos 3 recursos, actividades, ou materiais que consideres que mellorarían o proceso de ensino-aprendizaxe. | | |
| 7. En canto as probas de avaliación, cres que se axustan ós contidos traballados na aula? | | |
| 8. Consideras que a cualificación alcanzada se corresponde co traballo que fixeches? | | |
| 9. Pon unha nota numérica do 1 ó 10 a labor do docente e realiza unha breve valoración dos aspectos máis positivos e negativos para ti do proceso de ensino desenvolto por este. | | |

ANEXO 2**CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN MENSUAL DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**



| AUTOAVALIACIÓN DA LABOR DOCENTE | | | | | |
|--|----------|----------|----------|----------|----------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| A temporalización dos contidos foi axeitada | | | | | |
| Os recursos empregados serviron para acadar os obxectivos propostos | | | | | |
| A distribución do tempo na aula foi axeitada | | | | | |
| A distribución do espazo na aula favoreceu a aprendizaxe e cooperación | | | | | |
| A distribución do alumnado nas actividades realizadas favoreceron o traballo en equipo | | | | | |
| O traballo na aula discorreu segundo o proposto na programación | | | | | |
| A programación facilitou a flexibilidade dos tempos, espazos, distribución e contidos ás necesidades do alumnado | | | | | |
| O alumnado coñecía os obxectivos que debían acadar para superar a materia así como os criterios de cualificación que se ían empregar | | | | | |
| As actividades realizadas na aula foron variadas e adaptadas ás necesidades e particularidades que presentaba o grupo | | | | | |
| Realizáronse actividades de atención á diversidade | | | | | |
| As actividades realizadas e recursos empregados favoreceron a participación na aula e o interese do alumnado cara a materia | | | | | |
| O clima da aula foi axeitado para o correcto desenvolvemento da clase | | | | | |
| Observacións e propostas de mellora | | | | | |

ECONOMÍA DA EMPRESA 2º BACHARELATO
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2021/2022

INDICE

1. Introducción e contextualización
2. Temporalización e instrumentos de avaliación
3. Contribución dos estándares de aprendizaxe ao desenvolvemento das competencias clave
4. Concreción dos estándares de aprendizaxe: grao mínimo para superar a materia



5. Metodoloxía didáctica e materiais e recursos didácticos
 6. Procedemento de avaliación inicial e para acreditar coñecementos previos e medidas para adoptar
 7. Procedemento de avaliación continua e instrumentos de avaliación
 8. Medidas de atención á diversidade
 9. Criterios de cualificación
 10. Procedemento de avaliación extraordinaria
 11. Procedemento para o seguimento e avaliación de materias pendentes
 12. Procedemento de avaliación do proceso de ensino e práctica docente
 13. Procedemento de avaliación da programación
 14. Contribución ao proxecto lector
 15. Contribución ao plan TIC
 16. Elementos transversais
 17. Actividades complementarias e extraescolares
- ANEXO 1 Avaliación da profesora polo alumnado
- ANEXO 2 Avaliación da programación didáctica



1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Introdución

Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.


A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase nos bloques seguintes: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos; "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento; "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa; "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles; "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos; "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais; e finalmente "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisións de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados.

A materia ha permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe.

Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.



Contextualización

Centro e contorno: I.E.S. de titularidade pública, situado nunha vila que recibe tamén alumnos e alumnas das aldeas do contorno. En bacharelato conta coas modalidades de CT e HCS. Posúe recursos materiais suficientes.

Alumnado: As características psicolóxicas e evolutivas do alumnado son propias de idades comprendidas entre os 17 e os 18 anos de idade. Dado que é unha materia troncal de opción os alumnos e alumnas están especialmente motivados e presentan unha boa disposición para aprender.

Lexislación curricular: As normas nas que se basea esta programación didáctica son as seguintes:

1. Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.
2. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Bacharelato para a Comunidade de Galicia.

2. TEMPORALIZACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1: A empresa

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesións |
|----------|-------|--|----------------------------|-----|---------|
| UNID | B1 | A Empresa | | | |
| 1 | B1.1. | Elementos, función e obxectivos da empresa | PE e E | SET | 2 |
| | B1.2. | A empresa e o empresario/a | | SET | 2 |
| | B1.6 | Responsabilidade social e ambiental da empresa | | SET | 1 |
| | B.1.7 | Funcionamento e creación de valor | | SET | 1 |
| 2 | B1.3 | Clases de empresas | PE e E | SET | 2 |
| | B1.4 | Marco xurídico da actividade empresarial | | OUT | 2 |
| | B1.5 | Contorno da empresa | | OUT | 3 |

Bloque 2: Desenvolvemento da empresa

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesións |
|----------|-------|---|----------------------------|-----|---------|
| UNID | B2 | Desenvolvemento da empresa | | | |
| 5 | B2.1. | Localización e dimensión empresarial | PE e E | OUT | 1 |
| | B2.2. | Estratexias de crecemento interno e externo | | OUT | 2 |
| | B2.3. | Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado | | OUT | 1 |
| | B2.4. | Importancia das pequenas e medianas empresas na economía | | OUT | 1 |
| | B2.5. | Internacionalización, competencia global e tecnoloxía. | | OUT | 2 |
| | B2.6. | Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. | | OUT | 1 |

Bloque 4: A función produtiva

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesións |
|----------|-------|--|----------------------------|-------------|---------|
| UNID | B4 | A función produtiva | | | |
| 3 | B4.1. | Producción e proceso produtivo | PE e E | OUT | 2 |
| | B4.2. | Función de produción. Produtividade e eficiencia. | | NOV | 2 |
| | B4.3. | Investigación, desenvolvemento e innovación como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. | | NOV | 1 |
| | B4.5. | Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. | | NOV | 3 |
| | B4.4. | Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa. | | NOV | 3 |
| 4 | B4.6. | Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. | PE e E | NOV/ DEC | 10 |

Bloque 3: Organización e xestión da empresa

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesións |
|----------|-------|---|----------------------------|-----|---------|
| UNID | B3 | Organización e xestión da empresa | | | |
| 7 | B3.1. | División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual. | PE e E | DEC | 2 |
| | B3.2. | Funcións básicas da dirección. | | DEC | 6 |
| | B3.3. | Planificación e toma de decisións estratéxicas. | | DEC | 2 |
| 8 | B3.4. | Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura. | PE e E | XAN | 3 |
| | B3.5. | A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación. | | XAN | 3 |
| | B3.6. | Conflictos de interese e as súas vías de negociación. | | XAN | 2 |



Bloque 6: A información na empresa

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesi3ns |
|----------|-------|---|----------------------------|-----|---------|
| UNID | B6 | A información na empresa | | | |
| 6 | B6.1. | Obrigas contables da empresa | PE e E | XAN | 1 |
| | B6.2. | A composici3n do patrimonio e a s3a valoraci3n | | XAN | 3 |
| | B6.3. | Resultados da empresa | | FEB | 3 |
| | B6.4. | As contas anuais e a imaxe fiel | | FEB | 2 |
| | B6.5. | Elaboraci3n do balance e da conta de perdas e ganancias | | FEB | 4 |
| | B6.6. | An3lise e interpretaci3n da informaci3n contable | | FEB | 2 |
| | B6.7. | Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave da s3a estrutura e do seu funcionamento | | FEB | 2 |




Bloque 7: A función financeira

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiós |
|----------|-------|--|----------------------------|-------|--------|
| UNID | B7 | A función financeira | | | |
| 9 | B7.1. | Estrutura económica e financeira da empresa | PE e E | MAR | 8 |
| 10 | B7.2. | Concepto e clases de investimento | PE e E | MAR | 2 |
| | B7.3. | Valoración e selección de proxectos de investimento | | MAR | 5 |
| | B7.4. | Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento. | | MAR | 3 |
| | B7.5. | Ciclos da empresa. | | ABRIL | 1 |
| | B7.6. | Período medio de maduración. | | ABRIL | 3 |

Bloque 5: A función comercial da empresa

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiós |
|----------|-------|---|----------------------------|-------|--------|
| UNID | B5 | A función comercial da empresa | | | |
| 11 | B5.1. | Departamento comercial da empresa | PE e E | ABRIL | 1 |
| | B5.2. | Concepto e clases de mercado | | ABRIL | 2 |
| | B5.3. | Técnicas de investigación de mercados | | ABRIL | 2 |
| | B5.4. | Comportamento do consumidor e segmentación de mercados. | | ABRIL | 1 |
| | B5.5. | Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias. | | MAIO | 3 |
| | B5.6. | Estratexias de márketing e ética empresarial. | | MAIO | 2 |
| | B5.7. | Tecnoloxías da información e das comunicación e márketing | | MAIO | 2 |



3. CONTRIBUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

CCL Comunicación lingüística
 CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
 CD Competencia dixital
 CAA Aprender a aprender
 CSC Competencias sociais e cívicas
 CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
 CCEC Conciencia e expresións culturais

A materia de Economía ten un carácter integrador que contribúe á adquisición das seguintes competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística

A materia esixe exercitar a lectura comprensiva, a argumentación, a comunicación verbal e escrita de coñecementos, ideas e opinións, ou a valoración crítica das mensaxes publicitarias e das noticias dos medios de comunicación.


Esta competencia está presente en todas as unidades: para coñecer que é a empresa e cáles son os seus obxectivos e funcións; coñecer os criterios para clasificar as empresas e as súas diferenzas; estudar o marco xurídico que afecta ás empresas (mercantil, laboral e fiscal principalmente); explicar o funcionamento das áreas nas que se pode dividir a actividade das empresas; describir as principais obrigas contables; diferenciar as fontes de financiamento empresarial; reflexionar sobre a ética dos negocios e a responsabilidade social empresarial; etc.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Para interpretar datos económicos e tomar decisións empresariais son fundamentais a estatística, a elaboración de táboas e gráficas ou o cálculo financeiro. Utilizarase esta competencia para; determinar a eficiencia técnica e económica; analizar e interpretar graficamente ingresos, custos e beneficios empresariais; calcular os custes empresariais e analizalos graficamente; calcular a produtividade e analizar as variacións da mesma; realizar fichas de control de inventarios segundo diversos métodos de valoración; calcular o volume óptimo de pedido dunhas existencias; calcular e interpretar a viabilidade de proxectos de investimento sinxelos segundo varios métodos; elaborar balances e contas de perdas e ganancias e analizar ditas contas anuais, etc. Tamén a competencia en ciencia e tecnoloxía se vai desenvolver dende esta disciplina, xa que será imprescindible para manexar indicadores económicos, ou os problemas ambientais e a súa consideración como variable na toma de decisións económicas.

Competencia dixital

Esta competencia supón o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar obxectivos profesionais e persoais, que permiten ser competente nun ámbito dixital. Desenvolve destrezas relacionadas coa obtención, comprensión, interpretación e presentación de información. Utilizarase esta competencia para coñecer os cambios máis recentes no escenario económico mundial; coñecer como acceder ás novidades legislativas que afectan ás empresas; investigar casos reais; interpretar a información de diferentes variables e estudar a súa evolución no tempo; establecer comparacións entre as



distintas estratexias empresariais; investigar ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego; etc. Tamén se desenvolve esta competencia empregando aplicacións informáticas para a xestión empresarial: desde follas de cálculo a aplicacións de xestión específicas.

Competencia de aprender a aprender

Esta competencia permite a aprendizaxe permanente ao longo da vida, que esixe, a capacidade para motivarse por aprender e require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe. As destrezas e actitudes que integran esta competencia evidéncianse ao comparar as distintas formas de abordar a resolución de problemas económicos en diversas situacións; estudar e analizar as repercusións da actividade empresarial no ámbito; valorar a influencia dos mercados sobre as empresas; valorar a relación entre educación e a posibilidade de obter un emprego e a súa evolución no tempo; recoñecer ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego; etc. Sendo o obxecto de estudo tan cambiante, é imprescindible esta competencia cara o futuro.

Competencia sociais e cívicas

A competencia social está relacionada co benestar social e colectivo e favorece actitudes e valores como a integridade. Alcanzaranse as destrezas, actitudes e valores implícitos nesta competencia, cando se estuden os obxectivos e funcións das empresas; ao explicar a función da empresa como creadora de utilidade; cando se compara o funcionamento dos diversos tipos de mercados; ao analiza as distintas estratexias empresariais; ao examinar as estratexias de comunicación das empresas; ao estudar as obrigas fiscais e contables; a estudar as consecuencias da actividade empresarial sobre o emprego e a prevención de riscos laborais; ou ao analizar a ética dos negocios e a RSE.

Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en actos. A súa adquisición é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento. Nesta materia abordarase, coa necesidade de tomar decisións, de elixir e coa análise e interpretación dos obxectivos e funcións das empresas: o estudio da eficiencia técnica e económica e de produtividade; o coñecemento dos diferentes custos que soporta; a valoración da formación como elemento clave na obtención de emprego e mellora dos salarios; a investigación e recoñecemento de ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego; a valoración do papel do sistema financeiro como canalizador do aforro ao investimento; ao describir os efectos dos tipos de xuro; a análise das implicacións e efectos da globalización económica e o estudio das consecuencias do crecemento económico sobre a repartición da riqueza.

Competencia de conciencia e expresións culturais

En canto que implica coñecer, comprender e valorar criticamente as distintas manifestacións culturais que determinaron historicamente as distintas respostas das sociedades ás súas necesidades, esta competencia está presente, tanto desenvolvendo valores e actitudes de tolerancia e respecto cara á diversidade cultural e a liberdade de expresión, como na capacidade para desenvolver a creatividade a través da comunicación de ideas, detección de necesidades e o seu xeito de resolvelas, condicionado por a visión cultural e social que se ten. Tamén co estudo das distintas formas publicitarias e outras estratexias de comunicación empresarial.



A continuación, mostramos os estándares de aprendizaxe avaliados e como contribúen a adquisición das competencias clave e dos obxectivos na etapa, segundo o Decreto 86/2014, formando o perfil competencial da materia.

| | CC | CM | CD | CA | CS | CSI | CC | | CC | CM | CD | CA | CS | CSI | CC |
|-----------|----|----|----|----|----|-----|----|-----------|----|----|----|----|----|-----|----|
| EEB1.1.1. | | X | X | | | X | | EEB5.1.1 | | | | | | X | |
| EEB1.1.2. | | X | X | | | | | EEB5.1.2. | | X | X | X | | | |
| EEB1.1.3. | | X | X | X | | | | EEB5.1.3. | | X | X | | X | X | |
| EEB1.1.4. | X | | | | | X | | EEB5.1.4. | X | X | | | | | |
| EEB1.2.1. | | X | X | | X | X | | EEB5.1.5. | | X | X | | | | |
| EEB1.2.2. | | | X | | X | X | | EEB5.1.6. | | X | X | | X | | |
| EEB1.2.3. | | | | | X | X | | EEB5.1.7. | X | X | | | | | |
| EEB2.1.1. | X | X | | | | | | EEB5.1.8. | | X | X | | X | | |
| EEB2.1.2. | | X | X | | | X | | EEB6.1.1. | | X | X | | X | | |
| EEB2.1.3. | | X | X | | | X | | EEB6.1.2. | | X | | | | | |
| EEB2.1.4. | | X | X | X | | | | EEB6.1.3. | | | | X | | | |
| EEB2.1.5. | | | | | X | X | | EEB6.1.4. | | X | | | | | |
| EEB2.1.6. | X | X | | | X | | | EEB6.1.5. | | | | X | | X | |
| EEB2.1.7. | | X | X | | X | | | EEB6.1.6. | | X | X | | | | |
| EEB3.1.1. | | X | | | X | | | EEB6.1.7. | | X | | | | | |
| EEB3.1.2. | X | X | | | | X | | EEB6.1.8. | | | | X | | X | |
| EEB3.1.3. | | X | X | | | X | | EEB6.1.9. | | X | X | | | | |
| EEB3.1.4. | | | X | X | X | X | | EEB6.1.10 | | X | X | | | X | |
| EEB3.1.5. | | X | | X | | X | | EEB6.2.1. | | X | | | | X | |
| EEB3.1.6. | | | | X | X | X | | EEB6.2.2. | X | X | | | | | |
| EEB4.1.1. | X | X | | | | | | EEB6.2.3. | | | | | X | | |
| EEB4.1.2. | X | | | X | | | | EEB7.1.1. | | X | X | | | X | |
| EEB4.1.3. | X | | X | X | | | | EEB7.1.2. | | X | X | | | | |
| EEB4.2.1. | X | X | | | | | | EEB7.1.3. | X | X | | | | | |
| EEB4.2.2. | X | X | | | | | | EEB7.1.4. | | X | X | X | | | |
| EEB4.2.3. | X | X | | | | | | EEB7.1.5. | | X | | X | | X | |
| EEB4.2.4. | X | | | | X | | | EEB7.1.6. | | X | | | | X | |
| EEB4.3.1. | | X | X | | | | | EEB7.1.7. | | X | | X | | | |
| EEB4.3.2. | | X | X | | | | | EEB7.1.8. | | X | X | | | | |
| EEB4.3.3. | | X | | | | X | | EEB7.1.9. | X | X | | | | X | |
| | | | | | | | | EEB7.1.10 | | X | X | X | | | |



4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A MATERIA.

| CRIT AVAL | ESTÁND APREND | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | COMP CLAVE |
|--|---------------|--|-----------------------------|
| Bloque 1. A Empresa | | | |
| UNIDADE 1 | | | |
| B1.2. | EEB1.2.1. | Identifica os tipos de empresa e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relación co seu contorno máis próximo. GMC: 50% | CD CMCCT CSC CSIEE |
| | EEB1.2.2 | Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. GMC: 50% | CD CSC CSIEE |
| | EEB1.2.3. | Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. GMC: 50% | CSC CSIEE |
| UNIDADE 2 | | | |
| B1.1. | EEB1.1.1. | Distingue as formas xurídicas das empresas e relacionaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. GMC: 50% | CD CMCCT CSIE |
| | EEB1.1.2. | Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. GMC: 50% | CD CMCCT |
| | EEB1.1.3. | Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a formula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. GMC: 50% | CAA CD CMCCT |
| | EEB1.1.4. | Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. GMC: 50% | CCL CSIEE |
| UNIDADE 5 | | | |
| B2.1. | EEB2.1.1. | Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para empresas desas decisións. GMC: 50% | CCL CMCCT |
| | EEB2.1.2. | Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. GMC: 50% | CD CMCCT CSIEE |
| | EEB2.1.3. | Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. GMC: 50% | CCL CMCCT CSIEE |
| | EEB2.1.4. | Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. GMC: 50% | CAA CD CMCCT |
| | EEB2.1.5. | Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes. GMC: 50% | CSC CSIEE |
| | EEB2.1.6. | Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. GMC: 50% | CCL CSC CMCCT |
| | EEB2.1.7. | Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global. GMC: 50% | CD CMCCT CSC |
| Bloque 3. Organización e dirección da empresa | | | |
| UNIDADE 7 | | | |
| B3.1. | EEB3.1.1. | Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. GMC: 50% | CMCCT CSC |
| | EEB3.1.2. | Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de | CCL |



| | | | |
|---|-----------|--|-----------------------------|
| B3.2. | | comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | CMCCT CSIEE |
| B3.3. | | GMC: 50% | |
| B3.4. | EEB3.1.3. | Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. | CD CMCCT CSIEE |
| | | GMC: 50% | |
| | EEB3.1.4. | Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | CAA CD CSC CSIEE |
| | | GMC: 50% | |
| | EEB3.1.5. | Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | CAA CMCCT CSIEE |
| | | GMC: 50% | |
| UNIDADE 8 | | | |
| B3.5 B3.6 | EEB3.1.6. | Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. | CAA CSC CSIEE |
| | | GMC: 50% | |
| Bloque 4. A función produtiva | | | |
| UNIDADE 3 | | | |
| B4.1. | EEB4.1.1. | Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | CD CMCCT |
| | | GMC: 50% | |
| B4.2. B4.3. | EEB4.1.2. | Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos traballadores. | CMCCT CSC |
| | | GMC: 50% | |
| B4.4. B4.5. | EEB4.1.3. | Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | CAA CMCCT CSC |
| | | GMC: 50% | |
| | EEB4.2.1. | Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio eou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | CD CMCCT |
| | | GMC: 50% | |
| | EEB4.2.2. | Identifica e calcula tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e representaos gráficamente. | CD CMCCT |
| | | GMC: 50% | |
| | EEB4.2.3. | Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. | CD CMCCT |
| | | GMC: 50% | |
| | EEB4.2.4. | Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. | CMCCT CSIEE |
| | | GMC: 50% | |
| UNIDADE 4 | | | |
| B4.6. | EEB4.3.1. | Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo do inventario. | CD CMCCT |
| | | GMC: 50% | |
| | EEB4.3.2. | Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. | CD CMCCT |
| | | GMC: 50% | |
| | EEB4.3.3. | Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | CMCCT CSIEE |
| | | GMC: 50% | |
| Bloque 5. A función comercial da empresa | | | |
| UNIDADE 11 | | | |
| B.5.1 B5.2. | EEB5.1.1. | Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. | CSIEE |
| | | GMC: 50% | |
| B5.3. B5.4. B5.6. | EEB5.1.2. | Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. | CAA CD CMCCT |
| | | GMC: 50% | |
| B5.7. | EEB5.1.3. | Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. | CD CMCCT CSC CSIEE |
| | | GMC: 50% | |



| | | | |
|--|------------|---|----------------------|
| | EEB5.1.4. | Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. GMC: 50% | CCL CMCT |
| | EEB5.1.5. | Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. GMC: 50% | CD CMCT |
| | EEB5.1.6. | Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. GMC: 50% | CD CMCT CSC |
| | EEB5.1.7. | Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa. GMC: 50% | CCL CMCT |
| | EEB5.1.8. | Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. GMC: 50% | CD CMCT CSC |
| Bloque 6.A información da empresa | | | |
| UNIDADE 6 | | | |
| B6.2. | EEB6.2.1. | Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. GMC: 50% | CMCT CSIEE |
| B6.1. | EEB6.2.2. | Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles. GMC: 50% | CCL CMCT |
| | EEB6.2.3. | Valora e achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas. GMC: 50% | CSC |
| | EEB6.1.1. | Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada. GMC: 50% | CMCT CSIEE |
| | EEB6.1.2. | Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais. GMC: 50% | CMCT |
| | EEB6.1.3. | Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. GMC: 50% | CAA |
| | EEB6.1.4. | Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apalancamento da empresa, mediante a utilización de ratios. GMC: 50% | CMCT |
| | EEB6.1.5. | Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros. GMC: 50% | CAA CSIEE |
| | EEB6.1.6. | Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. GMC: 50% | CMCT CD |
| | EEB6.1.7. | Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa. GMC: 50% | CMCT CSIEE |
| | EEB6.1.8. | Valora a importancia da información na toma de decisións. GMC: 50% | CAA CSIEE |
| | EEB6.1.9. | Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. GMC: 50% | CD CMCT |
| | EEB6.1.10. | Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa. GMC: 50% | CD CMCT CSIEE |
| Bloque 7. A FUNCIÓN FINANCEIRA | | | |
| UNIDADE 9 | | | |
| B7.1. B7.2. B7.3. B7.4. | EEB7.1.3. | Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa. GMC: 50% | CCL CMCT |
| | EEB7.1.4. | Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. GMC: 50% | CAA CD CMCT |
| | EEB7.1.5. | Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. GMC: 50% | CAA CMCT CSIEE |



| UNIDADE 10 | | | |
|-------------------------|------------|--|-----------------------|
| B7.3. B7.5. B7.6. | EEB7.1.6. | Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. GMC: 50% | CMCCT CSIEE |
| | EEB7.1.7. | Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. GMC: 50% | CAA CMCCT |
| | EEB7.1.8. | Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. GMC: 50% | CD CMCCT |
| | EEB7.1.9. | Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases. GMC: 50% | CCL CMCCT CSIEE |
| | EEB7.1.10. | Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases. GMC: 50% | CMCCT CAA CD |

5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

As estratexias metodolóxicas, expositivas e de indagación, deben estar en función do tipo de contido que se traballe. Algúns contidos poden ser aprendidos mediante a utilización de estratexias de indagación. Outros contidos máis abstractos e teóricos requiren estratexias expositivas. En todo caso, o desexable é un uso combinado de estratexias, que a exposición se apoie en actividades de indagación e as actividades de indagación se acompañen de exposicións con informacións atractivas.

ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS:

A) ESTRATEXIAS EXPOSITIVAS:

- Iniciar a aprendizaxe das unidades didácticas dun xeito global e motivador, para que o alumnado teña unha visión xeral podendo enlazar unhas unidades con outras e xustificando a importancia dos contidos.
- As exposicións apoiaranse en exemplos prácticos e en actividades que fomenten a participación e a reflexión dos alumnos e alumnas.
- A metodoloxía utilizada evitará a disociación entre a teoría económica e a economía real; presentando a economía como algo próximo; partindo de temas que susciten interese para o alumno debido á súa actualidade e sona; resolvendo supostos sinxelos e próximos a este.
- Periodicamente realizaranse recapitulacións dos contidos xa tratados.
- Nalgúns casos utilizaranse recursos que apoiem a exposición docente, usando na medida do posible as tecnoloxías da información e a comunicación e utilizando medios audiovisuais ou informáticos (vídeos, proxector de imaxes...).
- Charla dun experto nalgún tema empresarial de interese.


B) ESTRATEXIAS DE INDAGACIÓN:

Técnicas concretas de indagación que se utilizarán: estudo de casos, pescuda e seleccións de noticias vencelladas coas unidades didácticas, xogos de simulación a través de Internet, pescudas sinxelas, saídas, resolución de problemas simulados ou reais, simulación dun proxecto de iniciativa empresarial, etc.

ADAPTACIÓN DA METODOLOXÍA Á SITUACIÓN OCACIONADA POLA COVID-19

A metodoloxía a utilizar neste curso, dadas as circunstancias provocadas pola pandemia do COVID deberá ser útil e áxil en calquera dos tres posibles escenarios contemplados: actividade lectiva presencial, semipresencial e non presencial.

Por esta razón utilizaremos a aula virtual do centro desde principios de curso, para recoller



as actividades pautadas e os contidos visto na clase.

- **No caso de actividade lectiva presencial, a aula virtual utilizarase fundamentalmente para a recollida e corrección de tarefas, e tamén o alumnado poderá consultar os materiais subidos en cada unha das unidades didácticas para complementar o visto na clase.**
- **No caso de alumnado que estea nunha situación de corentena, poderá seguir as aulas mediante a aula virtual, onde terá acceso aos contidos explicados na clase e as tarefas. Poderá consultar dúbidas a través do foro da aula virtual. Ademais contéplase a posibilidade de realizar gravacións das clases para que poidan ser vistos por este alumnado confinado.**
- **No caso de que a situación sanitaria provoque ter clases non presenciais intensificarase a utilización da aula virtual e o uso dos foros da aula virtual para a consulta de dúbidas. Establecerase ademais un horario para clases virtuais a través da plataforma webex para a explicación de contidos e a resolución de dúbidas, que se combinará con vídeos gravados que o alumnado poderá visualizar en calquera momento.**

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

A) MATERIAIS IMPRESOS

Bibliografía básica:

- Economía. 2º Bacharelato (distintas editoriais).

Apuntamentos e fotocopias.

Bibliografía complementaria:

- Libros de lectura recomendados ao alumnado.

Material complementario:

- Xornais e revistas de contido económico.
- Documentos de traballo tirados do mundo da empresa
- Dicionario de economía e finanzas (Ramón Tamames).

B) RECURSOS AUDIOVISUAIS:

- Canón de imaxes ou vídeo proxector.
- DVD, vídeo e televisión.

C) RECURSOS INFORMÁTICOS:


- Ordenadores con acceso a Internet para a procura de información.
- Enciclopedias virtuais.

D) RECURSOS DO CENTRO:

- Recursos tradicionais (encerado,...)
- Biblioteca, aula de informática, aula de medios audiovisuais, a observación do propio centro.

E) RECURSOS EXTERNOS AO CENTRO:

- Contorno, empresas, organismos públicos e privados.



Durante este curso e dada a situación excepcional derivada do COVID darase prioridade a utilización de recursos dixitais, en calquera das tres posibles situación: aulas presenciais, semipresenciais e lectivas. Por tanto, daremos prioridade a entrega e corrección de tarefas mediante a aula virtual do centro sempre que sexa posible.

No caso de alumnado que non teña acceso a un ordenador e/ou internet, buscaranse alternativas que sexan viables: envío mediante correo electrónico utilizando fotografías e teléfono móbil...etc.

6. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL E PARA ACREDITAR COÑECIMENTOS PREVIOS E MEDIDAS A ADOPTAR

Avaliación inicial: Realízase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica e achega información sobre os coñecementos previos dos alumnos, as súas capacidades e o seu ritmo de aprendizaxe, e a partir deles comezar a explicación do bloque.

Instrumentos: cuestionarios, debates, preguntas realizadas na aula ou análise dunha noticia. Na proba de avaliación inicial e ao longo do proceso de ensino maniféstase a diversidade en distintos eidos:

- Diversidade de aptitudes. Os alumnos e alumnas son diversos na súa capacidade para aprender, daquela teremos que manexar diversas metodoloxías.
- Diversidade de motivacións.
- Diversidade de intereses. Sobre todo no que respecta ao seu futuro académico e profesional.

Por tratarse dunha materia de Bacharelato adoptaranse medidas de carácter ordinario que non afectarán aos compoñentes prescritivos do currículo. Trátase de adaptar diversos aspectos pero cos mesmos obxectivos educativos. (Ver medidas de atención a diversidade)

7. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación procesual ou formativa: realízase durante todo o proceso de aprendizaxe co fin de controlalo e introducir modificacións en caso necesario. Levarase a cabo mediante a avaliación de actividades habituais do proceso de aprendizaxe relacionadas cos obxectivos didácticos a conseguir e os criterios de avaliación.

Os instrumentos utilizados serán a observación directa, debates, traballos, investigacións, exercicios e problemas, probas obxectivas e probas específicas de avaliación, unha ou dous por avaliación. Probas nas que o alumnado individualmente amose se coñece, comprende, distingue e relaciona os conceptos vistos en cada unidade. Por tratarse dunha materia de Bacharelato non se considera conveniente efectuar un elevado número de exames, pois é importante enlazar distintas unidades e facer preguntas de relación.

Avaliación sumativa ou final, realízase a final de curso co obxecto de determinar se conseguiron os obxectivos. Será a nota media das tres avaliacións.



8. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e acción deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado.

Adoptaranse as seguintes medidas de atención a diversidade:

- Actividades de reforzo e ampliación presentadas de forma progresiva. Dedicaráselles unha sesión ao finalizar a unidade didáctica. Nas devanditas actividades o traballo será autónomo para o alumnado que presente menos dificultades. Será dirixido polo profesor ou por outro compañeiro para os que teñen maiores dificultades.
- Entrega de exercicios de distintos niveis que se darán ao finalizar a unidade ou ao longo desta.
- Practicar o traballo en equipo (aprendizaxe entre iguais), de forma que atendamos ao equipo en canto a repartición de material, etc. e ao mesmo tempo fagamos un seguimento individualizado de determinados alumnos para analizar como responden no grupo.
- Recursos diversos, non só libro de texto, para que o alumno poida elixir.
- Nas explicacións didácticas ou discurso de aula efectuaranse distintas preguntas co obxectivo de afianzar a autoestima dos alumnos. Preguntas máis complexas para aqueles alumnos con maior nivel e preguntas máis sinxelas para o resto.:
- Actividades de reforzo e ampliación presentadas de forma progresiva. Dedicaráselles unha sesión ao finalizar a unidade didáctica. Nas devanditas actividades o traballo será autónomo para o alumnado que presente menos dificultades. Será dirixido polo profesor ou por outro compañeiro para os que teñen maiores dificultades.
- Entrega de exercicios de distintos niveis que se darán ao finalizar a unidade ou ao longo desta.
- Practicar o traballo en equipo (aprendizaxe entre iguais), de forma que atendamos ao equipo en canto a repartición de material, etc. e ao mesmo tempo fagamos un seguimento individualizado de determinados alumnos para analizar como responden no grupo.
- Traballos individuais con distinto grao de dificultade.
- Recursos diversos, non só libro de texto, para que o alumno poida elixir.
- Nas explicacións didácticas ou discurso de aula efectuaranse distintas preguntas co obxectivo de afianzar a autoestima dos alumnos. Preguntas máis complexas para aqueles alumnos con maior nivel e preguntas máis sinxelas para o resto.

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación realizarase tendo en conta o seguinte:

➤ **As probas escritas:**

En cada trimestre realizaranse probas escritas dos contidos teórico - prácticos cada unha ou dúas unidades didácticas. Valorarase, ademais da corrección dos contidos, a presentación, redacción, ortografía, claridade nas respostas e o emprego con propiedade do vocabulario propio da materia. No suposto práctico valorarase a formulación correcta, claridade, corrección dos cálculos aritméticos, interpretación dos resultados e a súa expresión nas unidades correspondentes.

As probas escritas terán un peso primordial na nota, do **80%**, por tratarse dunha materia de Bacharelato.



É preciso sacar máis dun tres en cada unha das probas escritas para superar a avaliación.

A nota das probas escritas na avaliación será o resultado de realizar a media aritmética delas e de ponderar o resultado por 0'8.

Os alumnos que obteñan menos dun tres nalgunha das probas terán a oportunidade de realizar unha reválida dos contidos teórico – prácticos ao final da avaliación.

No caso de que un alumno/a de forma non xustificada non se presente a unha proba será cualificado con cero puntos, en tanto que se a causa é xustificada faráselle a proba outro día, o día que se incorpore á aula. Aquel alumnado que sexa sorprendido copiando nunha proba, será cualificado con cero puntos na devandita proba.

➤ **O traballo na aula:**

Na valoración do traballo na aula porase atención nos contidos, a forma, a corrección na expresión e a súa defensa, a implicación e cooperación cando o traballo é en grupo.

No caso da selección e síntese de noticias valorarase a selección de ideas, orixinalidade e concreción; e no caso do comentario de texto valorarase argumentar con contidos e vocabulario propio da materia.

O traballo na aula terá un peso do **20%** e serán comprobados mediante a revisión dos cadernos de clase.

No caso de que a situación sanitaria derivada do Covid provoque que as clases teñan que ser a distancia ou existan longos períodos de semipresencialidade, variará a ponderación dos criterios de cualificación, equiparándose o peso das probas escritas e os traballos entregados, cada unha das partes terá unha valoración dun 50% na nota.

As probas escritas realizaranse, se non fora posible a presencialidade, utilizando a plataforma webex. No caso de alumnado con problemas de conexión, se estudiará cada caso de forma personalizada, co obxecto de resolver a situación da mellor forma posible e non prexudicar en ningún caso a este tipo de alumnado.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN: BACHARELATO ORDINARIO.

➤ **Recuperación de cada avaliación e recuperación final:**

Aqueles alumnos/as que non superen a avaliación realizarán unha proba de recuperación ao comezo da seguinte, a excepción da terceira avaliación, a recuperación da cal se inserirá na proba final de maio. A estrutura da proba será similar ás de avaliación.

O alumnado que non superara unha ou máis avaliacións poderá realizar outra das mesmas características ao final do curso, de cada unha das partes que non superase.



Para os efectos das recuperacións de cada avaliación e da recuperación final, consideraranse de xeito conxunto todos os procedementos de avaliación.

No caso de no ser posibles as probas presenciais, realizaranse probas a distancia empregando a plataforma webex.

➤ **Alumnado que perde o dereito á avaliación continua:**

Realizáraselles a proba final de maio, onde loxicamente só se considerará a súa nota.

No caso de no ser posibles as probas presenciais, realizaranse probas a distancia empregando a plataforma webex.

10. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

En caso de non aprobar en maio, realizarase unha proba extraordinaria en xuño de acordo ao grao mínimo de consecución de cada estándar. En xuño, polo seu carácter extraordinario, só se considerará a proba, sen ter en conta outros procedementos de avaliación. Para superar o curso, haberá que obter como mínimo un cinco.

Alumnado que perde o dereito á avaliación continua :

Realizáraselles a proba final de maio, onde loxicamente só se considerará a súa nota.

No caso de no ser posibles as probas presenciais, realizaranse probas a distancia empregando a plataforma webex.

Nota Xeral sobre notas:

O redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo, e no caso de equidistancia, ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media.

En todo tipo de probas escritas esixirase o uso correcto da lingua. Por cada falta de ortografía, descontarase 0,05 puntos, con un máximo total en cada proba dun punto.

11. PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Os alumnos/as coa Economía da empresa pendente terán que entregar os mesmos traballos que o resto de alumnos/as e serán avaliados do mesmo xeito.

12. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Avaliación do profesor polo alumnado.

O profesor necesita información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Farase entrega dun cuestionario ao alumnado. (Anexo 1)

Avaliación das unidades didácticas.

Ao avaliar a unidade didáctica debemos ter en conta os elementos do seu deseño, a súa coherencia e a súa adecuación á realidade da aula.



13. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Mensualmente, farase unha avaliación de como se vai seguindo a programación, explicando en todo momento as posibles desviacións e os motivos delas. E se pode ser, intentarase solucionar o antes posible.

Valoraremos a distribución de contidos, a metodoloxía utilizada, a incorporación de elementos transversais, os criterios de cualificación aplicados, as medidas de atención á diversidade, as actividades para os alumnos con materia pendente e os materiais e recursos didácticos. Con respecto a isto, o proceso de avaliación da programación didáctica ha de constituír un feedback, para tratar de mellorar aqueles aspectos nos que a programación didáctica non resultou eficiente. (Anexo 2)

14. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Nesta materia trataranse textos relacionados coa economía, para que o alumnado faga un resumo e comentario, e así poder avaliar a ortografía, redacción, presentación e lectura.

No caso da selección e síntese de noticias valorarase a selección de ideas, orixinalidade e concreción; e no caso do comentario de texto valorarase argumentar con contidos e vocabulario propio da materia.

Farase unha proposta de libros de lectura voluntarios.

15. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O alumnado estará en contacto cas novas tecnoloxías, empregarán a aula virtual do centro de forma habitual para a entrega de tarefas e se conectarán a internet para a indagación de contidos.

16. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os temas transversais son contidos basicamente actitudinais que van influír no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal do noso alumnado, como para o desenvolvemento dunha sociedade máis libre, democrática, respectuosa co medio e tolerante.

- CL - Comprensión lectora.
- EOE - Expresión oral e escrita.
- CAV - Comunicación audiovisual.
- TIC - Tecnoloxías da información e da comunicación.
- EMP- Emprendemento.
- ECC- Educación cívica e constitucional.
- IGU - Igualdade e non discriminación.

Traballaremos a educación en valores de forma transversal e continua, ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e farémolo cun carácter interdisciplinar e dunha forma atraente para o alumnado.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES



- Visita a algunha empresa co obxectivo de que o alumnado tome contacto coa realidade empresarial e lle encuentre unha maior aplicación aos contidos teóricos.
- Posibilidade de realización dalgunha charla cun empresario da zona para coñecer as súas experiencias na posta de marcha do negocio e tamén o día a día do seu traballo.

Estas actividades só se realizarán se a situación sanitaria o permite, en caso contrario, buscarase algunha actividade alternativa que poida ser realizada de xeito virtual.

ANEXO 1 AVALIACIÓN DO PROFESOR

O profesor necesita de información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Ninguén mellor que o seu alumnado para axudarlle nesta tarefa. Por iso, propoñémosche que contestes con liberdade ás seguintes cuestións na seguridade de que serán tidas en conta polo voso profesor/a.


| ENQUISA Ó ALUMNADO SOBRE A LABOR DO DOCENTE | | |
|--|----|-----|
| Marca a opción que proceda en cada resposta. No caso das preguntas nas que se pida unha valoración persoal, da a túa resposta en non máis de 5 liñas. Esta enquisa é anónima, e o seu principal obxectivo é determinar que aspectos se deben mellorar no proceso de ensino para favorecer unha aprendizaxe mellor. | | |
| | SI | NON |
| 1. Resultouche sinxela esta materia? Por que? | | |
| 2. Comenta cales foron os aspectos que che pareceron máis difíciles. | | |
| 3. Pareceuche interesante a materia? | | |
| 4. Consideras que os contidos desenvoltoos che resultarán útiles no teu día a día? | | |
| 5. Cres que os recursos empregados foron os axeitados para conseguir os obxectivos da materia? | | |
| 6. Propón ti ao menos 3 recursos, actividades, ou materiais que consideres que mellorarían o proceso de ensino-aprendizaxe. | | |
| 7. En canto as probas de avaliación, cres que se axustan ós contidos traballados na aula? | | |
| 8. Consideras que a cualificación alcanzada se corresponde co traballo que fixeches? | | |
| 9. Pon unha nota numérica do 1 ó 10 a labor do docente e realiza unha breve valoración dos aspectos máis positivos e negativos para ti do proceso de ensino desenvolto por este. | | |



ANEXO 2 CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN MENSUAL DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

| AUTOAVALIACIÓN DA LABOR DOCENTE | | | | | |
|--|----------|----------|----------|----------|----------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| A temporalización dos contidos foi axeitada | | | | | |
| Os recursos empregados serviron para acadar os obxectivos propostos | | | | | |
| A distribución do tempo na aula foi axeitada | | | | | |
| A distribución do espazo na aula favoreceu a aprendizaxe e cooperación | | | | | |
| A distribución do alumnado nas actividades realizadas favoreceron o traballo en equipo | | | | | |
| O traballo na aula discorreu segundo o proposto na programación | | | | | |
| A programación facilitou a flexibilidade dos tempos, espazos, distribución e contidos ás necesidades do alumnado | | | | | |
| O alumnado coñecía os obxectivos que debían acadar para superar a materia así como os criterios de cualificación que se ían empregar | | | | | |
| As actividades realizadas na aula foron variadas e adaptadas ás necesidades e particularidades que presentaba o grupo | | | | | |
| Realizáronse actividades de atención á diversidade | | | | | |
| As actividades realizadas e recursos empregados favoreceron a participación na aula e o interese do alumnado cara a materia | | | | | |
| O clima da aula foi axeitado para o correcto desenvolvemento da clase | | | | | |
| Observacións e propostas de mellora | | | | | |






ECONOMÍA 4º ESO
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2021/2022

INDICE

1. Introducción e contextualización
 2. Temporalización e instrumentos de avaliación
 3. Contribución dos estándares de aprendizaxe ao desenvolvemento das competencias clave
 4. Concreción dos estándares de aprendizaxe: grao mínimo para superar a materia
 5. Metodoloxía didáctica e materiais e recursos didácticos
 6. Procedemento de avaliación inicial e para acreditar coñecementos previos e medidas para adoptar
 7. Procedemento de avaliación continua e instrumentos de avaliación
 8. Medidas de atención á diversidade
 9. Criterios de cualificación
 10. Procedemento de avaliación extraordinaria
 11. Procedemento para o seguimento e avaliación de materias pendentes
 12. Procedemento de avaliación do proceso de ensino e práctica docente
 13. Procedemento de avaliación da programación
 14. Contribución ao proxecto lector
 15. Contribución ao plan TIC
 16. Elementos transversais
 17. Actividades complementarias e extraescolares
- ANEXO 1 Avaliación da profesora polo alumnado
- ANEXO 2 Avaliación da programación didáctica



1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Introdución

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas. A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.


Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguese das restantes ciencias sociais.

A materia de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque ("Economía persoal") está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecementos económicos teñen cada día máis valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.



Contextualización

Centro e contorno: I.E.S. de titularidade pública, situado nun barrio periférico dunha vila que recibe tamén alumnos e alumnas das aldeas do contorno. En bacharelato conta coas modalidades de CT e HCS. Posúe recursos materiais suficientes.

Alumnado: As características psicolóxicas e evolutivas do alumnado son propias de idades comprendidas entre os 15 e os 16 anos de idade. Dado que é unha materia de opción os alumnos e alumnas están especialmente motivados e presentan unha boa disposición para aprender.

Lexislación curricular: As normas nas que se basea esta programación didáctica son as seguintes:

1. Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.
2. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Bacharelato para a Comunidade de Galicia.



2. TEMPORALIZACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiões |
|----------|-------|---|----------------------------|-----|---------|
| UNID | B1 | IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS | | | |
| 1 | B1.1. | Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. | PE e E | SET | 1 |
| | B1.2. | Principios na toma de decisións económicas. | | SET | 1 |
| | B1.3. | Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | | SET | 4 |
| | B1.4. | O método na economía: modelos económicos. | | OUT | 2 |
| 2 | B1.5. | Fronteira de posibilidades de produción. | PE e E | OUT | 3 |
| | B2.5. | Proceso produtivo e factores produtivos. | | OUT | 1 |
| | B2.6. | Sectores da actividade económica. | | OUT | 2 |
| | B1.6. | As relacións económicas básicas e a súa representación. | | OUT | 4 |

Bloque 2

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiões |
|----------|-------|---|----------------------------|-----|---------|
| UNID | B2 | ECONOMÍA E EMPRESA | | | |
| 3 | B2.2. | Elementos, funcións e obxectivos da empresa. | PE e E | NOV | 2 |
| | B2.8. | Ingresos e custos da empresa: clasificación. | | NOV | 4 |
| | B2.9. | Resultados da empresa. | | NOV | 3 |
| 4 | B2.1. | A empresa e o empresario/a | PE e E | NOV | 1 |
| | B2.3. | Clases de empresas. | | NOV | 2 |
| | B2.4. | Formas xurídicas da empresa. | | DEC | 3 |
| | B2.7. | Fontes de financiamento empresas. Novas formas de financ. | | DEC | 1 |
| | B2.10 | Obrigas fiscais das empresas | | DEC | 2 |

Bloque 3

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiões |
|----------|-------|---|----------------------------|-----|---------|
| UNID | B3 | ECONOMÍA PERSOAL | | | |
| 5 | B3.1. | Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. | PE e E | XAN | 3 |
| | B3.2. | Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridade. | | XAN | 2 |
| | B3.3. | Planif. económico-financiera: necesidades ec. nas etapas da vida. | | XAN | 3 |
| | B3.4. | Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. | | XAN | 2 |
| 6 | B3.5. | Risco e diversificación. | PE e E | FEB | 5 |
| | B3.10 | O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxías | | FEB | 4 |
| 7 | B3.6. | O diñeiro | PE e E | FEB | 2 |
| | B3.7. | Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. | | MAR | 3 |
| | B3.8. | Relacións no mercado financeiro: información e negociación. | | MAR | 1 |
| | B3.9. | Implicación dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos consumidores no mercado financeiro. | | MAR | 1 |

Bloque 5

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiões |
|----------|-------|---|----------------------------|-----|---------|
| UNID | B5 | ECONOMÍA E TIPOS DE XURO, INFLACIÓN E DESEMPREGO | | | |
| 8 | B5.1. | Tipos de xuro | PE e E | MAR | 1 |
| | B5.2. | Inflación | | MAR | 2 |
| | B5.3. | Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación | | MAR | 2 |
| 9 | B5.4. | Desemprego: clasificación e consecuencias | PE e E | ABR | 3 |
| | B5.5. | Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. | | ABR | 3 |
| | B4.6. | Perspectivas da ocupación. | | ABR | 3 |

Bloque 4

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiões |
|----------|-------|---|----------------------------|-----|---------|
| UNID | B4 | ECONOMÍA E INGRESOS DO ESTADO | | | |
| 10 | B4.1. | Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado | PE e E | MAI | 3 |
| | B4.2. | A débeda pública e o déficit público. | | MAI | 3 |
| | B4.3. | Desigualdades económicas e distribución da renda. | | MAI | 3 |

Bloque 6

| CONTIDOS | | | Instrumentos de avaliación | Mes | Sesiões |
|----------|-------|--|----------------------------|-----|---------|
| UNID | B6 | ECONOMÍA INTERNACIONAL | | | |
| 11 | B6.2. | Comercio internacional | PE e E | MAI | 4 |
| | B6.3. | Integración económica e monetaria europea. | | XUÑ | 2 |
| 12 | B6.1. | Globalización económica | PE e E | XUÑ | 1 |
| | B6.4. | Economía e ambiente: sustentabilidade. | | XUÑ | 1 |



3. CONTRIBUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

CCL Comunicación lingüística
CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD Competencia dixital
CAA Aprender a aprender
CSC Competencias sociais e cívicas
CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC Conciencia e expresións culturais

A materia de Economía na Educación Secundaria Obrigatoria contribúe de xeito especial á adquisición destas competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística

Todas as materias deben contribuír á consecución desta competencia por parte do alumnado. A lectura, ademais de ser fonte de pracer, facilita a interpretación e comprensión permitindo facer uso da lingua falada e escrita. a finalidade da materia de Economía radica primordialmente en alcanzar un dominio na competencia comunicativa dos alumnos, para que ao termo da etapa educativa adquiriran a capacidade de entender noticias básicas relacionadas coa economía na prensa, comprender as características básicas dos produto financeiros máis usuais, así como recibir, entender e emitir mensaxes de contido económico correctamente. Tal desenvolvemento permitiralles construír o pensamento e expresar opinións fundadas sobre estas.


En particular, a materia contribuirá á adquisición da competencia lingüística mediante actividades como a introdución de lecturas ao longo de todos os temas, comentarios de texto xornalísticos ou a confección de actividades específicas de busca de información, de debate e análise.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A adquisición desta competencia por parte do alumno suporá que teña a capacidade de poñer en práctica procesos de razoamento que lle leven á solución de problemas da vida cotiá. Utilizarase esta competencia para analizar problemas económicos actuais, analizar e interpretar gráficas, comprender a información das diferentes variables macroeconómicas en forma de datos e gráficos, representar e comprender o significado do modelo da fronteira de posibilidades de produción; a interpretar e valorar a forma da pirámide de poboación española e galega, analizar graficamente as curvas de oferta e demanda, calcular custes, ingresos e produtividade, etc. Tamén a competencia en ciencia e tecnoloxía se vai desenvolver dende esta disciplina, xa que será imprescindible para manexar indicadores económicos, para reflexionar sobre o desenvolvemento sostible ou os problemas ambientais e a súa consideración como variable na toma de decisións económicas e financeiras.

Competencia dixital

Esta competencia supón o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar obxectivos profesionais e persoais, que permiten ser competente



nun ámbito dixital. A materia ten como obxectivo proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información fundamentalmente en prensa escrita.

A busca desta información require o uso axeitado de bibliotecas, hemerotecas ou o dominio das novas tecnoloxías da información para obter o máximo aproveitamento na fase de documentación á hora de realizar traballos de investigación. Desenvolve destrezas relacionadas co acceso á información, a creación de contidos e a resolución de problemas en todo tipo de contextos. Desenvolve unha actitude activa, crítica e realista cara ás tecnoloxías e os medios tecnolóxicos. Utilizarase esta competencia para coñecer os cambios no escenario económico mundial, obter e interpretar a información de diferentes variables macroeconómicas e a súa evolución ao longo do tempo, investigar ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego, investigar aspectos fiscais básicos no portal da Axencia Tributaria, etc.

Competencia de aprender a aprender

Esta competencia permite a aprendizaxe permanente ao longo da vida, que esixe, a capacidade para motivarse por aprender e require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxes para axustalos aos tempos e as demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. As destrezas e actitudes que integran esta competencia evidéncianse ao comparar as distintas formas de abordar a resolución de problemas económicos en diversas situacións; estudar e analizar as repercusións da actividade empresarial no ámbito; valorar a influencia do tipo de mercado sobre os distintos axentes económicos que interveñen; valorar a relación entre educación e a posibilidade de obter un emprego e a súa evolución no tempo; recoñecer ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego; describir as consecuencias das variacións dos tipos de xuro na Economía ou constatar a necesidade desta competencia ante a rápida evolución dos contidos propios da materia.

Competencia sociais e cívicas

Implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, que permiten interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados. Alcanzaranse as destrezas, actitudes e valores implícitos nesta competencia, cando se analicen as distintas maneiras de dar resposta ás necesidades humanas segundo os diferentes sistemas económicos; a estudar os obxectivos e funcións das empresas; ao explicar a función da empresa como creadora de utilidade; cando se compara o funcionamento dos diversos tipos de mercados; ao analizar, de forma crítica, os distintos indicadores económicos como instrumentos para medir a calidade de vida; a examinar os datos de inflación e desemprego en España; a estudar as causas da inflación e as súas repercusións económicas e sociais; a describir as implicacións e efectos da globalización económica; a valorar o funcionamento os mercados financeiros, a estudar as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, o medioambiente e a calidade de vida; ao analizar as distintas funcións do Estado ou ao estudar as consecuencias do crecemento económico sobre a repartición da riqueza. A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, todos eles necesarios para comprender as experiencias colectivas e a organización e funcionamento das sociedades e, en particular, da súa organización económica.

Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en actos. A súa adquisición é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do



emprendemento. Nesta materia abordarase, coa necesidade de tomar decisións, de elixir e coa análise e interpretación dos obxectivos e funcións das empresas: o estudio da eficiencia técnica e económica; o coñecemento dos diferentes custos que soporta; o estudio dos factores que determinan a oferta e a demanda; a valoración da formación como elemento clave na obtención de emprego e mellora dos salarios; a investigación e recoñecemento de ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego; a valoración do papel do sistema financeiro como canalizador do aforro ao investimento; ao describir os efectos dos tipos de interese; a análise das implicacións e efectos da globalización económica e o estudio das consecuencias do crecemento económico sobre a repartición da riqueza.

Competencia de conciencia e expresións culturais

En canto que implica coñecer, comprender e valorar criticamente as distintas manifestacións culturais que determinaron historicamente as distintas respostas das sociedades ás súas necesidades, esta competencia está presente, tanto desenvolvendo valores e actitudes de tolerancia e respecto cara á diversidade cultural e a liberdade de expresión, como na capacidade para desenvolver a creatividade a través da comunicación de ideas, detección de necesidades e o seu xeito de resolvelas, condicionado por a visión cultural e social que se ten.

Competencia financeira

Aínda que a LOMCE non cita a competencia financeira, dentro das capacidades que o alumno debe conseguir ao longo da etapa, na materia estúdase. A introdución da educación financeira nos currículos de Educación Secundaria é cada vez maior e vén dada polas recomendacións da UE e da OCDE que mesmo a inclúe xa dentro das avaliacións realizadas nos informes PISA.

As razóns para incluír a educación financeira son variadas, e van dende as crises económicas e financeiras, aos axustes nos sistemas de axudas públicas ou os cambios demográficos que supoñen o progresivo envellecemento da poboación nos países desenvolvidos. Neste contexto faise necesario que os cidadáns aborden a toma de decisións de tipo financeiro coa maior información e coñecemento posible.

Coa materia de Economía búscase a adquisición de capacidades que lle permita ao alumnado a toma de decisións intelixentes en materia financeira, mantendo unha actitude crítica e analítica ante todas as ofertas que se lles presenten.

O Decreto 86/2014 establece as relacións entre as competencias clave, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis, formando o perfil competencial da materia de Economía.

A continuación, mostramos os estándares de aprendizaxe avaliáveis e como contribúen a adquisición das competencias clave:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).



| | CL | CM | CD | CA | CS | CSI | CC | | CL | CM | CD | CA | CS | CSI | CC |
|-----------|----|----|----|----|----|-----|----|-----------|----|----|----|----|----|-----|----|
| ECB1.1.1. | X | | | | X | | | ECB3.4.3. | | | X | X | | | |
| ECB1.1.2. | | | X | X | | | | ECB3.4.4. | X | X | X | | | | |
| ECB1.2.1. | X | | | | | | | ECB3.5.1. | X | X | | X | | | |
| ECB1.2.2. | | | | X | X | | | ECB4.1.1. | | X | | | X | | |
| ECB1.2.3. | | X | X | | | | | ECB4.1.2. | | X | X | | | | |
| ECB1.3.1. | | X | | | X | | | ECB4.1.3. | | X | | | X | | |
| ECB1.3.2. | | X | | | X | | | ECB4.1.4. | X | | | | X | | |
| ECB2.1.1. | | X | | | | X | | ECB4.2.1. | X | X | | | | | |
| ECB2.1.2. | | | X | X | | | | ECB4.3.1. | X | X | | | X | | |
| ECB2.1.3. | | | | | X | X | | ECB4.3.2. | | X | X | | X | | |
| ECB2.2.1. | | X | | | X | | | ECB5.1.1. | X | | | | X | | |
| ECB2.2.2. | | | X | | X | | | ECB5.1.2. | X | X | | | X | | |
| ECB2.3.1. | X | X | X | | | | | ECB5.1.3. | | X | X | | | | |
| ECB2.4.1. | | X | X | | | | | ECB5.2.1. | X | X | | | X | | |
| ECB2.4.2. | | X | X | | | | | ECB5.2.2. | | | X | | X | | |
| ECB2.5.1. | | X | X | | | | | ECB5.2.3. | | | X | X | | | |
| ECB2.5.2. | | | | | X | | | ECB6.1.1. | | | | X | X | | |
| ECB3.1.1. | | X | X | X | | | | ECB6.1.2. | X | | | | X | | |
| ECB3.1.2. | | X | X | X | | X | | ECB6.1.3. | | | X | X | X | | |
| ECB3.1.3. | | X | X | X | X | | | ECB6.1.4. | X | | X | | X | | |
| ECB3.2.1. | | | | X | X | | | ECB6.1.5. | | | | X | X | | |
| ECB3.3.1. | | | | X | X | | | | | | | | | | |
| ECB3.3.2. | | | | X | X | | | | | | | | | | |
| ECB3.4.1. | X | X | | | | | | | | | | | | | |
| ECB3.4.2. | X | | X | X | | | | | | | | | | | |



4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A MATERIA

| CRIT. AVAL | ESTÁNDARES APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN | COMP CLAVE |
|---|------------------------|---|----------------------|
| Bloque 1. Ideas económicas básicas | | | |
| UNIDADE 1 | | | |
| B1.1. | ECB1.1.1. | Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. GMC: 50% | CCL CSC |
| B1.2. | | | |
| B1.3. | ECB1.1.2. | Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. GMC: 50% | CAA CD |
| B1.4. | ECB1.2.1. | Comprende e utiliza correctamente termos da área de economía. GMC: 50% | CCL |
| | ECB1.2.2. | Diferencia entre economía positiva e economía normativa. GMC: 50% | CAA CSC |
| UNIDADE 2 | | | |
| B1.5. | ECB1.1.1. | Representa e analiza gráficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. GMC: 50% | CCL CSC |
| B1.6. | ECB1.3.1. | Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. GMC: 50% | CMCCT CSC |
| | ECB1.3.2. | Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. GMC: 50% | CMCCT CSC |
| Bloque 2. Economía e empresa | | | |
| UNIDADE 2 | | | |
| B2.5. | ECB2.2.1. | Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. GMC: 50% | CD CMCCT CSIEE |
| B2.6. | ECB2.2.2 | Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. GMC: 50% | CCL CMCCT |
| UNIDADE 3 | | | |
| B2.8. | ECB2.4.2. | Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. GMC: 50% | CDC CMCCT |
| B2.9. | | | |
| UNIDADE 4 | | | |
| B2.1. | ECB2.1.1. | Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. GMC: 50% | CMCCT CSIEE |
| B2.2. | ECB2.1.2. | Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación de empresas. GMC: 50% | CD |
| B2.3. | | | |
| B2.4. | | | |
| B2.7. | | | |
| B2.10 | ECB2.1.3. | Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. GMC: 50% | CSIEE CSC |
| | ECB2.3.1. | Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. GMC: 50% | CCL CD CMCCT |
| | ECB2.5.1. | Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. GMC: 50% | CD CMCCT |
| | ECB2.5.2. | Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. GMC: 50% | CSC |



| Bloque 3. Economía persoal | | | |
|---|-----------|---|---------------------|
| UNIDADE 5 | | | |
| B3.1. | ECB3.1.1. | Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. GMC: 50% | CAA CD CMCCT |
| B3.2. | ECB3.1.2. | Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. GMC: 50% | CAA CD CMCCT |
| B3.3. | ECB3.1.3. | Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. GMC: 50% | CAA CD CMCCT |
| B3.4. | | | |
| | ECB3.2.1. | Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. GMC: 50% | CAA CSIEE |
| | ECB3.3.1. | Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. GMC: 50% | CSC |
| UNIDADE 6 | | | |
| B3.5. | ECB3.3.2. | Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionado a decisión máis axeitada para cada momento. GMC: 50% | CAA CSC |
| B3.10 | ECB3.5.1. | Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situación adversas nas etapas da vida. GMC: 50% | CAA CCL CMCCT |
| UNIDADE 7 | | | |
| B3.7. | ECB3.4.1. | Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. GMC: 50% | CCL CCMCCT |
| B3.8. | ECB3.4.2. | Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. GMC: 50% | CCL CAA CD |
| B3.9. | | | |
| | ECB3.4.3. | Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. GMC: 50% | CAA CD |
| | ECB3.4.4. | Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. GMC: 50% | CCL CD CMCCT |
| Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado | | | |
| UNIDADE 10 | | | |
| B4.1. | ECB4.1.1. | Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. GMC: 50% | CMCCT CSC |
| B4.2. | ECB4.1.2. | Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. GMC: 50% | CD CMCCT |
| B4.3. | | | |
| | ECB4.1.3. | Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. GMC: 50% | CMCCT CSC |
| | EC4.1.4. | Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. GMC: 50% | CCL CSC |
| | EC4.2.1. | Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. GMC: 50% | CCL CMCCT |
| | ECB4.3.1. | Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. GMC: 50% | CCL CMCCT CSC |



| | | | |
|--|------------------|--|---------------------|
| | ECB4.3.2. | Interpreta gráficos representativos da distribución da renda. GMC: 50% | CAA CD CMCCT |
| Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego. | | | |
| UNIDADE 8 | | | |
| B5.1. | ECB5.1.1. | Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. GMC: 50% | CCL CMCCT CSC |
| B5.2. | ECB5.1.2. | Interpreta gráficos representativos da distribución da renda. GMC: 50% | CAA CD CMCCT |
| B5.3. | ECB5.1.3. | Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. GMC: 50% | CD CMCCT |
| UNIDADE 9 | | | |
| B5.4. | ECB5.1.3. | Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. GMC: 50% | CD CMCCT |
| B5.5. | ECB5.2.1. | Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. GMC: 50% | CCL CMCCT |
| B5.6. | ECB5.2.2. | Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. GMC: 50% | CD CSC |
| | ECB5.2.3. | Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. GMC: 50% | CAA CD |
| Bloque 6. Economía internacional | | | |
| UNIDADE 11 | | | |
| B6.2. | ECB6.1.2. | Explica as razón que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. GMC: 50% | CCL CSC |
| B6.3. | ECB6.1.3. | Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. GMC: 50% | CAA CD CSC |
| | ECB6.1.4. | Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. GMC: 50% | CCL CD CSC |
| UNIDADE 12 | | | |
| B6.4. | ECB6.1.1. | Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. GMC: 50% | CAA CSC |
| | ECB6.1.5. | Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. GMC: 50% | CAA CSC |



5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

As estratexias metodolóxicas, expositivas e de indagación, deben estar en función do tipo de contido que se traballe. Algúns contidos poden ser aprendidos mediante a utilización de estratexias de indagación. Outros contidos máis abstractos e teóricos requiren estratexias expositivas. En todo caso, o desexable é un uso combinado de estratexias, que a exposición se apoie en actividades de indagación e as actividades de indagación se acompañen de exposicións con informacións atractivas.

ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS:

A) ESTRATEXIAS EXPOSITIVAS:

- Iniciar a aprendizaxe das unidades didácticas dun xeito global e motivador, para que o alumnado teña unha visión xeral podendo enlazar unhas unidades con outras e xustificando a importancia dos contidos.
- As exposicións apoiaranse en exemplos prácticos e en actividades que fomenten a participación e a reflexión dos alumnos e alumnas.
- A metodoloxía utilizada evitará a disociación entre a teoría económica e a economía real; presentando a economía como algo próximo; partindo de temas que susciten interese para o alumno debido á súa actualidade e sona; resolvendo supostos sinxelos e próximos a este.
- Periodicamente realizaranse recapitulacións dos contidos xa tratados.
- Nalgúns casos utilizaranse recursos que apoiem a exposición docente, usando na medida do posible as tecnoloxías da información e a comunicación e utilizando medios audiovisuais ou informáticos (vídeos, proxector de imaxes...).
- Charla dun experto nalgún tema empresarial de interese.

B) ESTRATEXIAS DE INDAGACIÓN:

Técnicas concretas de indagación que se utilizarán: estudo de casos, pescuda e seleccións de noticias vencelladas coas unidades didácticas, xogos de simulación a través de Internet, pescudas sinxelas, saídas, resolución de problemas simulados ou reais, simulación dun proxecto de iniciativa empresarial, etc.

A metodoloxía a utilizar neste curso, dadas as circunstancias provocadas pola epidemia de COVID deberá ser útil e áxil en calquera dos tres posibles escenarios contemplados: actividade lectiva presencial, semipresencial e non presencial.

Por esta razón, se utilizará a aula virtual desde o principio para recoller as actividades pautadas e os contidos vistos na clase.

- **No caso de actividade lectiva presencial, a aula virtual se utilizará fundamentalmente para a recollida e corrección de tarefas, e tamén o alumnado poderá consultar os materiais subidos en cada unha das unidades didácticas para complementar o visto na clase.**
- **No caso de que haxa alumnado que estea nunha situación de corentena, poderá seguir as aulas mediante a aula virtual, onde terá acceso aos contidos explicados na clase e as tarefas. Poderá consultar dúbidas a través do foro da aula virtual. Ademais contéplase a posibilidade de realizar gravacións das clases para que poidan ser vistos por este alumnado confinado.**



- **No caso de que a situación sanitaria provoque ter clases non presenciais intensificarase a utilización da aula virtual e o uso dos foros da aula virtual para a consulta de dúbidas. Establecerase ademais un horario para clases virtuais a través da plataforma webex para a explicación de contidos e a resolución de dúbidas, que se combinará con vídeos gravados que o alumnado poderá visualizar en calquera momento.**

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

A) MATERIAIS IMPRESOS

Bibliografía básica:

Economía. 4º E.S.O. Editorial: Mc Graw Hill.

Apuntamentos e fotocopias.

Bibliografía complementaria:

- Libros de lectura recomendados ao alumnado.

Material complementario:

- Xornais e revistas de contido económico.
- Documentos de traballo tirados do mundo da empresa

B) RECURSOS AUDIOVISUAIS:

- Canón de imaxes ou vídeo proxector.
- DVD, vídeo e televisión.

C) RECURSOS INFORMÁTICOS:

- Ordenadores con acceso a Internet para a procura de información.
- Enciclopedias virtuais.

D) RECURSOS DO CENTRO:

- Encerado dixital e tradicional.
- Biblioteca, aula de informática, aula de medios audiovisuais, a observación do propio centro.

E) RECURSOS EXTERNOS AO CENTRO:

- Contorno, empresas, organismos públicos e privados.

Durante este curso e dada a situación excepcional derivada do COVID-19 darase prioridade a utilización de recursos dixitais, en calquera das tres posibles situación: aulas presenciais, semipresenciais e lectivas. Por tanto, darase prioridade a entrega e corrección de tarefas mediante a aula virtual do centro sempre que sexa posible. No caso de alumnado que non teña acceso a un ordenador e/ou internet, se buscarán alternativas que sexan viables: envío mediante correo electrónico utilizando fotografías e teléfono móvil...etc.

6. PROCEDIMIENTO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN INICIAL E PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS

Avaliación inicial: Realízase ao comezo de curso e de cada unidade didáctica e achega información sobre os coñecementos previos dos alumnos, as súas capacidades e o seu ritmo de aprendizaxe, e a partir deles comezar a explicación do bloque.

Instrumentos: cuestionarios, debates, preguntas realizadas na aula ou análise dunha noticia.



Na proba de avaliación inicial e ao longo do proceso de ensino maniféstase a diversidade en distintos eidos:

- Diversidade de aptitudes. Os alumnos e alumnas son diversos na súa capacidade para aprender, daquela teremos que manexar diversas metodoloxías.

- Diversidade de motivacións.

- Diversidade de intereses. Sobre todo no que respecta ao seu futuro académico e profesional. Adoptaranse diversas medidas (Ver medidas de atención a diversidade).

7. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación procesual ou formativa: realízase durante todo o proceso de aprendizaxe co fin de controlalo e introducir modificacións en caso necesario. Levarase a cabo mediante a avaliación de actividades habituais do proceso de aprendizaxe relacionadas cos obxectivos didácticos a conseguir e os criterios de avaliación.

Os instrumentos utilizados serán a observación directa, debates, traballos, investigacións, exercicios e problemas, probas obxectivas e probas específicas de avaliación, unha ou dous por avaliación. Probas nas que o alumnado individualmente amose se coñece, comprende, distingue e relaciona os conceptos vistos en cada unidade.

Avaliación sumativa ou final, realízase a final de curso co obxecto de determinar se conseguiron os obxectivos. Será a nota media das tres avaliacións.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e acción deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado.

Adoptaranse as seguintes medidas de atención a diversidade ordinarias:

- Actividades de reforzo e ampliación presentadas de forma progresiva.

Dedicaráselles unha sesión ao finalizar a unidade didáctica. Nas devanditas actividades o traballo será autónomo para o alumnado que presente menos dificultades. Será dirixido polo profesor ou por outro compañeiro para os que teñen maiores dificultades.

- Entrega de exercicios de distintos niveis que se darán ao finalizar a unidade ou ao longo desta.



- Practicar o traballo en equipo (aprendizaxe entre iguais), de forma que atendamos ao equipo en canto a repartición de material, etc. e ao mesmo tempo fagamos un seguimento individualizado de determinados alumnos para analizar como responden no grupo.
- Traballos individuais con distinto grao de dificultade.
- Recursos diversos, non só libro de texto, para que o alumno poida elixir.
- Nas explicacións didácticas ou discurso de aula efectuaranse distintas preguntas co obxectivo de afianzar a autoestima dos alumnos. Preguntas máis complexas para aqueles alumnos con maior nivel e preguntas máis sinxelas para o resto.

É importante establecer os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, a fin de atender ao alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. En calquera caso os alumnos con adaptacións curriculares significativas deberán superar a avaliación final.

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada procedemento realizarase tendo en conta o seguinte:

➤ **As probas escritas:**

En cada trimestre realizaranse probas escritas dos contidos teórico - prácticos cada unha ou dúas unidades didácticas. Valorarase, ademais da corrección dos contidos, a presentación, redacción, ortografía, claridade nas respostas e o emprego con propiedade do vocabulario propio da materia. No suposto práctico valorarase a formulación correcta, claridade, corrección dos cálculos aritméticos, interpretación dos resultados e a súa expresión nas unidades correspondentes.

As probas escritas terán un peso do **60%** da nota.

É preciso sacar **máis dun tres** en cada unha das probas escritas para superar a avaliación. A nota das probas escritas na avaliación será o resultado de realizar a media aritmética delas e de ponderar o resultado por 0'6.

Os alumnos que obteñan menos dun tres nalgunha das probas terán a oportunidade de realizar unha reválida dos contidos teórico – prácticos ao final da avaliación.

No caso de que un alumno/a de forma non xustificada non se presente a unha proba será cualificado con cero puntos, en tanto que se a causa é xustificada faráselle a proba outro día, o día que se incorpore á aula. Aquel alumnado que sexa sorprendido copiando nunha proba, será cualificado con cero puntos na devandita proba.

➤ **Os traballos e actividades de aula**

Na valoración dos traballos porase atención nos contidos, a forma, a defensa do mesmo e a implicación e cooperación cando o traballo é en grupo.

No caso da selección e síntese de noticias valorarase a selección de ideas, orixinalidade e concreción; e no caso do comentario de texto valorarase argumentar con contidos e vocabulario propio da materia.



Os traballos deben presentarse no prazo fixado, pola contra entenderase que un alumno/a que non presentase o traballo de xeito non xustificable será cualificado con cero puntos, porén se hai unha causa xustificable indícaráselle que entregue o día que se incorpore á aula..

Os traballos obrigatorios, xunto coas actividades de aula terán un **peso do 40%** sobre a nota final.

No caso de que a situación sanitaria derivada do Covid-19 provoque que as clases teñan que ser a distancia ou existan longos períodos de semipresencialidade, variará a ponderación dos criterios de cualificación, equiparándose o peso das probas escritas e os traballos entregados, cada unha das partes terá unha valoración dun 50% na nota.

As probas escritas realizaranse, se non fora posible a presencialidade, utilizando a plataforma webex. No caso de alumnado con problemas de conexión, se estudiará cada caso de forma personalizada, co obxecto de resolver a situación da mellor forma posible e non prexudicar en ningún caso a este tipo de alumnado.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Recuperación de cada avaliación e recuperación final:

Aqueles alumnos/as que non superen a avaliación realizarán unha proba de recuperación ao comezo da seguinte, a excepción da terceira avaliación, a recuperación da cal se inserirá na proba final de xuño. A estrutura da proba será similar ás de avaliación.

O alumnado que non superara unha ou máis avaliacións poderá realizar outra das mesmas características ao final do curso, de cada unha das partes que non superase.

Para os efectos das recuperacións de cada avaliación e da recuperación final, consideraranse de xeito conxunto todos os procedementos de avaliación.

No caso de no ser posibles as probas presenciais, realizaranse probas a distancia empregando a plataforma webex.

10. PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

En caso de non aprobar en maio, realizarase unha proba extraordinaria en xuño de acordo ó grao mínimo de consecución de cada estándar. En xuño, polo seu carácter extraordinario, só se considerará a proba, sen ter en conta outros procedementos de avaliación. Para superar o curso, haberá que obter como mínimo un cinco.

No caso de no ser posibles as probas presenciais, realizaranse probas a distancia empregando a plataforma webex.

Nota Xeral sobre notas:

O redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo, e no caso de equidistancia, ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media.

En todo tipo de probas escritas esixírase o uso correcto da lingua. Por cada falta de ortografía, descontarase 0,05 puntos, con un máximo total en cada proba dun punto.



11. PROCEDIMIENTO PARA O SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

En caso de haber alumnos con materias pendientes esixirase a asistencia a clases de reforzo para superar esta materia. Facilitaráselle actividades e a posibilidade de facer algún traballo voluntario para subir nota. Se chegado o mes de maio non tivera superada a materia tería que facer un exame global.

No suposto de non ser posibles as aulas presenciais, estableceranse datas para clases virtuais utilizando a plataforma webex, a consulta de dúbidas a través do foro da plataforma da aula virtual e a utilización da aula virtual do centro para a entrega de traballos.

Os criterios de cualificación serán dun 60% para o exame, dun 40% para as actividades de cada tema que serán de entrega obrigatoria e terá a posibilidade de realizar algún traballo para subir nota. Este alumnado realizará un exame por avaliación. No caso de suspender, a recuperación terá lugar na seguinte avaliación. Non obstante de darse o caso que o alumno ten suspensas as tres avaliacións ou algunha delas, terá unha última posibilidade de recuperación no mes de maio.

No caso de que a situación sanitaria derivada do Covid-19 provoque que as clases teñan que ser a distancia ou existan longos períodos de semipresencialidade, variará a ponderación dos criterios de cualificación, equiparándose o peso das probas escritas e os traballos entregados, cada unha das partes terá unha valoración dun 50% na nota.

As probas escritas realizaranse, se non fora posible a presencialidade, utilizando a plataforma webex. No caso de alumnado con problemas de conectividade, se estudiará cada caso de forma personalizada, co obxecto de resolver a situación da mellor forma posible e non perxudicar en ningún caso a este tipo de alumnado.

12. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Avaliación do profesorado polo alumnado.

O profesor necesita información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Farase entrega dun cuestionario ao alumnado e tomaranse medidas de mellora. (Anexo 1)


Avaliación das unidades didácticas.

Ao avaliar a unidade didáctica debemos ter en conta os elementos do seu deseño, a súa coherencia e a súa adecuación á realidade da aula.

13. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Mensualmente, farase unha avaliación de como se vai seguindo a programación, explicando en todo momento as posibles desviacións e os motivos delas. E se pode ser, intentarase solucionar o antes posible.

Valoraremos a distribución de contidos, a metodoloxía utilizada, a incorporación de elementos transversais, os criterios de cualificación aplicados, as medidas de atención á diversidade, as actividades para os alumnos con materia pendente e os materiais e recursos didácticos. Con respecto a isto, o proceso de avaliación da programación didáctica ha de constituír un feedback, para tratar de mellorar aqueles aspectos nos que a programación didáctica non resultou eficiente. (Anexo 2)



14. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Nesta materia trataranse textos relacionados coa economía, para que o alumnado faga un resumo e comentario, e así poder avaliar a ortografía, redacción, presentación e lectura.

No caso da selección e síntese de noticias valorarase a selección de ideas, orixinalidade e concreción; e no caso do comentario de texto valorarase argumentar con contidos e vocabulario propio da materia.


Farase unha proposta de libros de lectura voluntarios.

15. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O alumnado utilizará de forma frecuente a aula virtual do centro para a elaboración e entrega de traballos, así como internet como ferramenta para a indagación de contidos.

16. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os temas transversais son contidos basicamente actitudinais que van influír no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal do noso alumnado, como para o desenvolvemento dunha sociedade máis libre, democrática, respectuosa co medio e tolerante.



- CL - Comprensión lectora.
- EOE - Expresión oral e escrita.
- CAV - Comunicación audiovisual.
- TIC - Tecnoloxías da información e da comunicación.
- EMP- Emprendemento.
- ECC- Educación cívica e constitucional.
- IGU - Igualdade e non discriminación.

Traballaremos a educación en valores de forma transversal e continua, ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e farémolo cun carácter interdisciplinar e dunha forma atrainte para o alumnado.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Visita a algunha empresa co obxectivo de que o alumnado tome contacto coa realidade empresarial e lle encontre unha maior aplicación aos contidos teóricos.
- Posibilidade de realización dalgunha charla con algún empresario da zona co obxectivo de coñecer a súas experiencias como emprendedor e o día a día dunha empresa.

Estas actividades só se realizarán se a situación sanitaria o permite, en caso contrario, se buscará algunha actividade alternativa que poida ser realizada de xeito virtual.



ANEXO 1

AVALIACIÓN DO PROFESORADO

O profesor necesita de información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Ninguén mellor que o seu alumnado para axudarlle nesta tarefa. Por iso, propoñémosche que contestes con liberdade ás seguintes cuestións na seguridade de que serán tidas en conta polo voso profesor/a.

| ENQUISA Ó ALUMNADO SOBRE A LABOR DO DOCENTE | | |
|--|----|-----|
| <p>Marca a opción que proceda en cada resposta. No caso das preguntas nas que se pida unha valoración persoal, da a túa resposta en non máis de 5 liñas. Esta enquisa é anónima, e o seu principal obxectivo é determinar que aspectos se deben mellorar no proceso de ensino para favorecer unha aprendizaxe mellor.</p> | | |
| | SI | NON |
| 1. Resultouche sinxela esta materia? Por que? | | |
| 2. Comenta cales foron os aspectos que che pareceron máis difíciles. | | |
| 3. Pareceuche interesante a materia? | | |
| 4. Consideras que os contidos desenvoltoos che resultarán útiles no teu día a día? | | |
| 5. Cres que os recursos empregados foron os axeitados para conseguir os obxectivos da materia? | | |
| 6. Propón ti ao menos 3 recursos, actividades, ou materiais que consideres que mellorarían o proceso de ensino-aprendizaxe. | | |
| 7. En canto as probas de avaliación, cres que se axustan ós contidos traballados na aula? | | |
| 8. Consideras que a cualificación alcanzada se corresponde co traballo que fixeches? | | |
| 9. Pon unha nota numérica do 1 ó 10 a labor do docente e realiza unha breve valoración dos aspectos máis positivos e negativos para ti do proceso de ensino desenvolto por este. | | |



ANEXO 2

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN MENSUAL DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

| AUTOAVALIACIÓN DA LABOR DOCENTE | | | | | |
|--|----------|----------|----------|----------|----------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| A temporalización dos contidos foi axeitada | | | | | |
| Os recursos empregados serviron para acadar os obxectivos propostos | | | | | |
| A distribución do tempo na aula foi axeitada | | | | | |
| A distribución do espazo na aula favoreceu a aprendizaxe e cooperación | | | | | |
| A distribución do alumnado nas actividades realizadas favoreceron o traballo en equipo | | | | | |
| O traballo na aula discorreu segundo o proposto na programación | | | | | |
| A programación facilitou a flexibilidade dos tempos, espazos, distribución e contidos ás necesidades do alumnado | | | | | |
| O alumnado coñecía os obxectivos que debían acadar para superar a materia así como os criterios de cualificación que se ían empregar | | | | | |
| As actividades realizadas na aula foron variadas e adaptadas ás necesidades e particularidades que presentaba o grupo | | | | | |
| Realizáronse actividades de atención á diversidade | | | | | |
| As actividades realizadas e recursos empregados favoreceron a participación na aula e o interese do alumnado cara a materia | | | | | |
| O clima da aula foi axeitado para o correcto desenvolvemento da clase | | | | | |
| Observacións e propostas de mellora | | | | | |